

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 83 * DO 23 AO 29 DE NOVEMBRO DE 1979 * 30 PTAS.



PORTUGAL: PERDER OU GANAR ABRIL

INFORME ELECCIONS.
ENTREVISTAS CON OSCAR LOPES
E MARIO SOARES



Fotos: XURXO FERNANDEZ



SANTIAGO:
A POLICIA CREOU O "AMBIENTE"
ESTATUTO DE QUITA E PON
MORRER EN MASUSTEGI



O QUE AVISA NON TRAICIONA

Sra. Directora de "A NOSA TERRA"
 En relación co comentario que figura na páxina 2 do número 82 do semanario que Vde. dirixe o PARTIDO GALEGUISTA quere facer as seguintes puntualizacións:
 Primeira.—A cabeceira de "A NOSA TERRA" pertenceu primeiramente ás IRMANDADES DA FALA pasando logo ao PARTIDO GALEGUISTA do que foi órgano deica a Guerra Civil.
 Segundo.—Os que iniciaron a actual etapa de "A NOSA TERRA" quizaves deberan contar cos superviventes do PARTIDO GALEGUISTA denantes de facerse cun nome que realmente non lles pertencía, aínda que legalmente puideran asumilo.
 Terceiro.—O PARTIDO GALEGUISTA é o herdeiro e continuador da mística e da liña programática do que fundaran Castelao, Bóveda, Otero Pedra

... e tantos outros, algúns dos cales se honran con seguir militando como o noso Presidente de Honor Dn. Ramón Martínez López que pertenciu ao primeiro consello do Partido no ano 1.932, ou Manuel Beiras, ou Rodríguez de Breña e Delgado Gurrarán que, dende México manteñen a súa fidelidade ao galeguismo, ou os antigos membros das Mocidades Galeguistas como Taboada García ou Pousa Antelo. Por eso o decir que o PARTIDO GALEGUISTA "non ten nada que ver co grupo que se veu de fundar no 1978" é un engano de quen o di; é realmente desexar que así fose; é unha puerilidade que pretende trocar a realidade, porque...

Quarto.—O PARTIDO GALEGUISTA está legalizado dende o 16 de xullo de 1979 e ningún comentario vai a modificar este feito.

Quinto.—Mais unha vez temos lido en "A NOSA TERRA" comentarios tendenciosos encol do noso partido ou dos seus dirixentes. Fariades millor en dirixir os tiros cara outro lado si de verdade queredes servir a nosa terra "A NOSA TERRA".

LUIS SOBRADO
 SECRETARIO XERAL

O que ao "Poleiro Alleo" contesta cunha declaración de principios, arríscase a que o inclúan no "Poleiro Alleo". Xa saben.

COLONIZACION A DOMICILIO

"Otero Novas finalizo su estancia en Alemania", informa "El Progreso" do día 21. "La educación de los hijos de emigrantes, principal tema de sus entrevistas". Resulta que "En el "land" de Hessen residen actual-

mente unos 25.000 emigrantes y familiares españoles, con un



censo escolar de más de cinco mil alumnos de Enseñanza General Básica y de Bachillerato... Otero pediu a los profesores que se esfuerzen en la integración e los niños en la cultura de su país, que les servirá, ijo, para defender su propia identidad".

Onde hai emigrantes "españoles", xa se sabe de onde son unha boa parte. Pois nada. "Identidad española" para todos.

"ECONOMIA LIBRE"

Na "Hoja del Lunes de La Coruña", todas as semanas se enxerta un apartado que inclúe opinións sobre o que adoptan considerar o tema político do momento Desta volta, a "feira" estatutista foi sen dúbida o que marcou a pauta, e así, no número correspondente a luns día 22, o presidente da Coordinadora de Asociacións de Veciños da Coruña faía sobre o tema. E cita un comentario do Presi-

dente da "Asociación Española de la Banca Privada". Seica o pobre señor, que debe andar algo confundido, veu dicir algo así como que "antes, el ahorro de Galicia se invertía en otras regiones con mayor capacidad inversora (?). Ahora, con las autonomías, pretenden ue se



invierta en Galicia; ¿y por qué nos van a obligar a eso?"

Otro bon exemplar deses poucos que quedan revestidos dunha brutal sinceridade. Aínda que non se entere do que é o Estatuto, tenche o seu mérito.

CUESTION DE OPORTUNIDADE

Conqueiro (supoñemos que de nome D. Alvaro), firma un comentario no "Faro de Vigo" do 21, no que se crexa algunha cousa verbo do próximo e "real".

Día das Letras Galegas. "A alúns de por ahí parece non gustarlles moito que a Real Academia Galega lle adique a festa das Letras Galegas de 1980". Refírese a S.M. Alfonso X. Logo de afirmar que "temos de pensar en eternidade e deixarnos das modas do día", lembra as críticas que seica houbo cando se lle adicou o día ao Arcebispo Lago González. "Non entenderon os contestatarios que no momento en que se traballaba pola incorporación do galego á liturxia da Eirexa era boa cousa se lembrar dun Arcebispo compostelán".

Esa é unha razón. Agora a ver se nos explican por qué é boa cousa o se lembrar, " neste momento", de Alfonso X, "rei e poeta".



SUBSCREBASE

PODE FACELO DIRIXINDOSE A ANOSA TERRA

RUA DA TROIA, 10-1º

APARTADO 1031 - SANTIAGO

OU CHAMANDO AO TFO. 981-58 26 13

Estado: Suscripción semestral, 800 Ptas. Suscripción anual, 1.500 Ptas.— EUROPA: Anual, 1.900 Ptas. Semestral, 1.000 Ptas.— AMERICA: Arxentina, Uruguay, México, etc. Anual, 2.600 Ptas. Semestral, 1.325 Ptas.— U.S.A., Puerto Rico: Anual, 2.350 Ptas. Semestral, 1.200 Ptas.

Novo nº. da conta no Banco Pastor de Santiago: 106.735

NOTA AOS SUSCRIPTORES:

Por un erro mecánico no Joblaxe das tiras cos enderezos, á hora do envío do xornal, 200 suscriptores non o recibiron esta semá. Seipan disculparnos. Recibirán, pois, o Jevanjito número xunto co actual.

Por XOSÉ LOIS G.



Edit Gale
 Com Aco
 Fon Lópe
 Mor Vare
 Dire

ENTRE QUIROGA E ROSÓN

ESTATUTO DE QUITA E PON

No serán do día 21 pasado, a UCD da súa banda, e o resto, da súa, facían o que podían para lle erguer a tensión social a este Estatuto que tan "pachucho" está a nacer. PSOE, PCG, parte de UG e centrais sindicais españolas, convocaban a unha concentración perante a Xunta de Galicia para protestar "polo trato dado a Galicia na Comisión Constitucional"; da súa banda, o Gobernador Civil, segundo parece por mor do "ambiente revoltado" existente en Santiago pola problemática universitária, prohibíaa, e ordenaba un despliegue policial tal (impedir o paso e manter valeira a Praza do Obradoiro), que debeu servir de propaganda estatutista máis que deutra cousa. Máis tarde, uns poucos centos de concentrados, engrosado o número por estudantes en manifestación, cantaban o Hino Galego e coreaban consignas como "Non, non, non ao Estatuto da UCD" a estrenada "Galicia ceibe, autogoberno" ou "Fora policía da Universidade", sen que aquela, que ficaba a 20 metros, se dera apenas por aludida, nen siquera cando se coreou o de "Disolución dos corpos represivos". Era un pouco o fin dunha campaña máis ou menos conxunta que se empezara meses atrás...

4 DE NADAL, 28 DE XUÑO, 25 DE XULIO...

As primeiras "diverxencias", que habían seguir o camiño das posteriores, serían as do PSOE, que plantexaba algo que hoxe sona tan raro como a participación de concellais e forzas extraparlamentarias na redacción do Estatuto. Logo se había superar, e unha ampla campaña de entrevistas, encuestas e artigos a prol do tema autonómico dan paso a esta xornada polo "espírito" da que prega hoxenendia a oposición autonomista da UCD. O 4 de Nadal, potenciado desde toda caste de ámbitos oficiais, e anunciada desde múltiples puntos de vista, tiña unha mira única e ben concreta, e na práctica non facía máis que avalar o proxecto que a UCD de Galicia tivera a ben elaborar.

Chega o 28 de xuño, data na que en 1936 se aprobara o Estatuto da preguerra. E é por vía oficial outra vez, e outra vez por vía unitaria que se plantexa en Vigo unha "Festa do Estatuto". A moita xente que se contabilizara o 4 de Nadal facía ter grandes esperanzas, pero o certo foi que a ampla unidade (da que, nun anuncio de actitudes posteriores, se desmarcaba o PSOE) non acadou os seus froitos. De todos xeitos, algo moi significativo aconteceu: a pantasma do vello Partido Galeguista empeza a asomar no ambiente estatutario.

E velaí aparece o 25 de xullo. Un amplo consenso UCD-PSOE-PCG-POG-PG, vai tentar a "creación" do "Día Nacional Galego", de converter o Día da Patria Galega no "Día polo



O Gobernador Civil prohibiu a concentración no Obradoiro convocada pro serán do día 21. Cordos da policía nacional impediron a entrada, non só ao Obradoiro, sinón tamén á Catedral.

Estatuto". A cuestión semellaba clara: quitalle o Día ao nacionalismo popular e máis volver tentar popularizar o Estatuto dando unha imaxe de "unidade", aínda que militantes de PSOE e outros abuchearon a Rosón. Xa se sabe como foi: 35.000 persoas na manifestación nacionalista e apenas 10.000 na concentración "unitaria" que gardara para si a Praza do Obradoiro. Mal diagnóstico...

AINDA TODOS XUNTOS

Más tarde, tocan eleccións. A cuestión do Estatuto queda un tanto afastada do centro do

interés, pero xa se anuncian actitudes que terán que ver no desenrolo posterior, e así, certos intereses da UCD autóctona provocan "roces" coa Moncloa. Tras das municipais, demárcanse as posturas dentro do partido gubernamental.

E xurde a derradeira aparición conxunta na escea pública. Por iniciativa de todas as forzas autonomistas, xúntase a asamblea dos alcaldes galegos en Compostela. Nela, todas as devanditas forzas se pronunciarán polo sonado "Estatuto dos 16", incluída boa parte da UCD. Ben se ve a diferenza que podía haber entre este e o "dos 12". O

consenso arrequeña tanto máis diante da postura dos alcaldes do BN-PG e a súa oposición radical a calquer tipo de proxecto estatutario.

A NOVA CAMPAÑA

A partir dai, todo serán apariencias de discusión e fortes ataques ao "centralismo madrileño". O PSOE adopta, revestido da súa presenza parlamentaria, a imaxe de defensor da "dignidade de Galicia" fronte as pretensións da UCD. Sectores amplos da UCD de Galicia, se cadra vendo en perigo certos pequenos intereses particulares (ao cabo, é esa froita vana que pudo ser burgue-

sia nacional, aínda que logo quedara en intermediaria), enfréntase un pouco á dirección madrileña. A UCD "oficial" tampouco explica grande cousa a súa postura, e o mesmo Fraga protesta por "el trato de inferioridad dado a Galicia". O PG, da súa banda, dun lado critica un presunto "pacto segredo" UCD-PSOE, e doutro enténdese de maravilla co "sector galego" da UCD, louvando a actitude de Quintas Seoane e de Rosón.

O sonado "32.4", ou "Disposición transitoria", é quen ten a culpa. O PSOE, "no nome da dignidade de Galicia", negocia bipartitamente coa UCD, e o PG denuncia este "amaño", mandando retirarse da negociación a PNV e CDC. E é neste contexto que se chama en Galicia a diversos actos de protesta e esixencia "dun Estatuto semellante ao catalán e o basco". Peches nos concellos de Ourense e Santiago, e chamamento ao peche de establecementos na última cidade ademais da concentración, son os feitos sobranceiros. E a actitude dos homes da UCD, dá para todo. En tanto en Santiago case todos os concellais están pechados, o alcalde de Lugo, o "fidelísimo" Novo Freire, reforza a guardia para impedir unha cousa polo estilo. E así...

Na rua, todo igual. O chamamento ao peche en Santiago, de 12 a 2, empezaron secundando Bancos, Grandes Almacéns e tendas importantes, seguindo pouco e pouco, e algo á contra, outros comercios. Houbo que pensou, e así o dixó, que o peche era "polo follón dos estudantes". E é que quen sabe o que realmente entende o país de todo esto.

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

Edita: Promocións Culturais Galegas, S.A.

Comisión de Fundadores:
Acosta Bèiras, Xoaquín.
Fontenla Rodríguez, Xosé Luis.
López Gómez, Felipe Senén.
Morales Quintana, Xosé Enrique.
Varela García, César.

Directora: Margarita Ledo Andión

Redactores e Colaboradores: Xosé Ramón Pousa, Antón L. Galocha, Lois Celeiro, Pablo Viz, Paco Arrizado, Fernando Franco, Ignacio Briset, Suso Piñeiro, Guillermo Pérez, F. Cusí, Xosefina L. Corral, Emilio Veiga (Países Catalans),

P. Iparraguirre, Maialde (Euskadi), María Alonso (España), Carlos Durán (Londres), A. P. Dasilva (Porto), Juanjo Navarro, Llatzer Moix, Patiño, Vázquez Pintor.
Diseño e Confección: "Galicia, Estudio e Formas".

Fotografía: Brais, Xurxo Fernández, Fernando Bellas, Abel de Louxas.

Dibuxos: Xaquín Marín, Xulio Maside, Alfonso Sucasas, Xurxo Fernández, P. A. Estévez, Fiz Valcárcel, Pepe Barro.

Redacción e Administración:
Troia 10-primeiro Santiago
Redacción: 582681
Administración (de 10 a 14): 582613.

Imprenta: "La Región, S.A." Offset C. Quiroga, 11-15. Ourense Dep. Legal: C-963-1977


Distribución: A Coruña, Librería CO-LON, Real 24, telf. 222206. Santiago e Lugo, PRENSA NACIONAL, Telf. 583456. Pontevedra, Librería CAO, Telf. 855374. Vigo, Distribuidora VIGUESA, Telf. 414570. Ferrol, Distribuidora VELO, Telf. 357707. Ourense, Vda. de Lisardo, Telf. 230218. Bilbao, Distribuidora Vasca, Telf. 4231933. Barcelona, F. Rafales Ar-tal, Telf. 2433658.

Morrer en Masustegi

Haberá un ano para o mes que ven que dedicamos unha reportaxe no noso semanario ao barrio de Masustegi, "un arrabalde galego en Bilbao". Contabamos da orixe deste enclave na zona montesía así nomeada, de cando os galegos a fins dos anos 40 empezaban a chegar a Euskadi á busca de mantenza e algo de mellora que no país non se albiscaba nen para os máis esforzados.

Pouco e pouco, xa falabamos, fora xurdindo o poboamento galego, casas galegas de tella rubia camiños e algún campio cultivado na lembranza ou no anuncio da simbiosis tradicional e aínda determinante de moitas familias obreiras de Galicia. Falabamos tamén dos problemas, das insuficiencias de equipamento, sanidade, educación... froito de experiencia vital dun barrio do que todas e cada unha das súas casas teñen orixe ilegal. Unha orixe que aínda marca á poboación de Masustegi, e de cando en vez tinguese de connotacións tráxicas.

Xan Gutiérrez Arce, 19 anos, unha súa irmá de 14, e un curmán de 6, vivían nunha das casas enclavadas no monte Corbeta, en Masustegi. Sobre a súa casa, nas encostas do monte, a "Inmobiliaria Navesa", empresa constructora que levaba ao cabo a construción dun campo de fútbol e dunhas instalacións para xogos infantís, fora acugulando



os refugallos, todo o escombrosobranante; de contención, colocáranse dous muros pertencentes a base dunhas columnas para transmisión de materiais. A postura xa non era moi de acougo para quen tivera conta dela, posto que somentes o monte, lamacento durante toda a época das chuvías, era garantía de que os bloques de sostén non caíran.

Como en efecto caíron. Na noite do 10 de Santos, durante unha gran descarga de chuvia, produciuse un desprendimento de lama, e cando el, o un dos grandes bloques de hormigón; os

5.800 kilos da columna, a unha velocidade de sobre 63 km. por hora, durante 70 metros non atoparon nengunha pexa no seu avance, pero ao final, foron dar contra a casa dos tres pequenos, que, dada a hora, dormían. Resultado: tres mortos.

"NON TIÑA POR QUE PASAR"

O barrio seica sabe moi ben a quen lle apoñer a culpa. "Se se desprendera nada máis ca lama, a casa se cadra reistía, que están feitas a conciencia e co noso

suor, pero semellante bloque, e a velocidade que debeu baixar, ¿quen o paraba?". As casas de Masustegi, xa expoñiamos fotos cando a nosa reportaxe anterior, son casas galegas de sempre, desas que levan xeracións e xeracións sen que faga falta de cambiar apenas a pintura de fora, e desas que no cabo de Muxía aturan as treboadas máis estarrecidas da Costa da Morte. O que é claro é que nen a proverbial solidez da construción tradicional é quen de conxurar a ameaza de máis de 10.000 kilos pendurado a 70 metros por riba da






cabeza dun. "Non, se quen terá a culpa, eso podémolo saber todos fácil; pero o caso é que pasou agora esta desgracia, e non tiña por que pasar".

BOTAN A XENTE PARA DEIXAR O ESCOMBRO

Agora, a posteriori dos feitos, acaba de vir unha orde de desalojar os números 8, 9, 14, 16, 32, 29, 31, e 36 do mesmo barrio. Os veciños non se queren ir. As casiñas fixéronnas coas propias mans, e non vaia ser cousa que llas queiran invalidar agora. Puidera que a alguén se lle acordara de que a orixe do barrio é "ilegal", puidera que preferiran botar á xente para deixar o escombros... ¡Qué sei eu! Estes galegos que o que queren sería volver para o seu país "se houbera con qué", teñen de momento montada acó a súa vida, e dunha maneira moi semellante a como a terían aló na súa aldea ou vila, polo menos en canto ao entornó... E ao final, se os botan de Masustegi, ¿onde han de ir?

Mentras, o outro bloque fica onde estaba. Non caíu, pero ninguén se lembra tampouco de quitalo. E pode ser todo un símbolo a persistencia de ameaza opresiva deste monstrou de hormigón, disposto en calisquer momento a levar outra, ou outras, vidas.

CORRESPONSAL

AS CERAMICAS DO CASTRO  E AS DE SARGA 
 DE LOS  ESTAN FEITAS
 CON TERRAS GALEGAS,
 AS IDEAS E A CIENCIA
 QUE LLES PROPORCIONA
 O LABORATORIO DE
 FORMAS DE GALICIA 
 E O SEMINARIO DE ESTUDOS
 CERAMICOS 

ENGADINDO UN VALOR 200 VECES SUPERIOR
 AO DAS SUAS MATERIAS PRIMAS QUEREN SER
 UN EXEMPLO DO QUE SE PODE FACER APROVEI
 TANDO NA NOSA TERRA OS NÓSOS RECURSOS

SANTIAGO:

A POLICIA CREOU O "AMBIENTE"

O ambiente de Santiago de Compostela tense deteriorado ainda ben nestes últimos días. O contencioso plantexado polo estudantado universitario arredor do problema da vivenda, após un curto período de aparente calma, volveu xurdir con forza a partir de dous sucesivos peches, nas facultades de Medicina e Xeografía e Histórica; nun e noutro peche, a policía, chamada por cadaseu Decano, e no primeiro caso acompañada por el, entraba desalojar aos estudantes. E a partir desa, unha nova reivindicación, o superrepetido "Fora policía da Universidade", aponñalle unha nova dimensión ao conflito.

Precisamente as reivindicacións relativas á baixa dos prezos dos pisos, e máis as consignas antirrepresivas, teñen sido os que lle conferiron carácter ás mobilizacións destes días de atrás. Un tanto á marxe, a pesar das declaracións dalgun grupo político e das sucesivas "Follas informativas", quedaban as reivindicacións a prol do ensino estatal, e xa que logo, residencias e comedores a cargo do Ministerio. Unha cousa era o falado nas asembleas, e outro o relexo da rua, onde apenas se chegaron máis que as posturas máis pintorescas. Sucesivas concentracións perante o Reitorado, manifestacións e comandos para cortar o tráfico, siguen a estar no momento de pechamos esta edición, á orde do día.



Foto: LALO

Os incidentes máis graves aconteceron na noite do 20 ao 21; os estudantes, após acordo asambleario, ocuparon dúas ou tres ruas do Ensanche, chamando a atención máis ou menos ruidosamente sobre a cuestión dos pisos, e recibindo a solidariedade de moitos compañeiros desde as casas. As 3 e meia da mañá, a Policía efectuaría sucesivas durísimas cargas, disparando botes de fume e balas de goma en cantidade contra das xanelas, desde algunhas das que se lles botaban bolsas de auga; unha señora de idade, alcanzada por unha bala de goma, tivo de ser trasladada ao Hospital. Ao tempo, rexistrábase un intercambio de insultos, desde o "Asesinos"

dos de arriba ao "Hijas de puta" ou "Burguesas" da Policía.

Neste momento, á espreita dunha xornada de loita convocada para martes 27, en que unha Comisión Mista Xunta-Concello-Reitor estudará o problema, moi pouco de craro fica aínda. Hai a quen lle parece raro que, sen mediar contacto ningún entre o Reitor e a Comisión de Alunos, saira unha nota anunciando a paertura de varios pabellóns do Burgo das Nacións, e máis (aínda que en mans privadas) a do Comedor Universitario, que levaban entrambos varios cursos pechados. Moi pouco de craro, nen de compacto, como non seña o ambiente creado fronte á actuación policial.

INTERESES QUE ESTOUPAN

Nunha empresa de insecticidas agrícolas situada na zona de

Porriño, construída nos anos en que o actual alcalde Sr. Ordoñez

tamen estaba ao fronte do Concello, vense de producir unha grave explosión que pon en perigo a vida das persoas que viven a unha distancia de só cen metros.

Na empresa Cooper-Zeltia (Torneiros-Porriño), de insecticidas agrícolas, produíxose o pasado mércores día 21, unha grave explosión na nave onde se enchen os aerosoles que se estenden en cadea aos envases darredor. No lugar do incidente estaban a traballar 30 persoas que tiveron que evacuar rapidamente, así como os nenos do grupo escolar e mesmo os veciños das vivendas situadas a poucos metros.

E de destacar a falta das mínimas condicións de seguridade para os traballadores (a nave onde tivo lugar a explosión está separada do almacén por unha parede) e que seña o propio presidente do Comité de Seguridade o xefe de persoal da empresa, así como a peligrosidade que supón que Cooper-Zeltia esteña situada a cen metros de 200 vivendas sociais e do centro escolar que acolle a uns 1.000 nenos, e o risco constante de intoxicación polo tipo de produtos cos que se traballa.

A próxima construción de 500 vivendas, a ubicación do escolar agrava máis o problema, do que a solución viría dada polo traslado inmediato da empresa

A LIMPEZA EN FOLGA



Os empregados das empresas de limpeza Faro, Galicia e Compostela en Santiago, concesionarias deste servizo no Hospital Xeral, Aeroporto, Universidade, Concello, PPO... están en paro, folga plantexada, non só en Santiago (levada pola ING)

senón tamén na Coruña (levada por CC.OO.) pola negativa da Patronal de revisar o convenio provincial, e que escomezou

luns, día 19, e rematou mércores. O próximo día 24 volverá a escomezar.

Ante foco de infección que supón a falta dos servizos de limpeza, as medidas que adoptou o Hospital Xeral foron, nos dous primeiros días, non permitir as visitas así como a anulación de ingresos e operacións. Na xornada do mércores os familiares tiveron acceso aos enfermos durante dez minutos.

crónica política

O cidadán galego sen información contratada e sen unha práctica política clarificada está sendo vítima de campañas propagandísticas que teñen como finalidade impoñerlle preocupacións sen un coñecemento e unha base real fundada. Debe obrigatoriamente estar preocupado, e xa que logo debe ser obsesionado "sicolóxicamente", por un estatuto de autonomía, que se presenta como "discriminatório", por non ser igual que o catalán e o vasco, ou porque non acada o teito constitucional, segundo din os artífices da campaña. Os principais vehículos desta campaña son uns medios de comunicación —prensa e rádio— que programan grandes espazos, coidadosamente preparados, en escalada de preocupación emocional e dramática polo tema. Dramatismo, tensión inexistentes, galeguismo emocional, son as cordas que se tocan para animar a atmosfera dun país que aborreceu, por propia experiencia, dun proceso do que agora van darse os últimos pasos.

En vistas do descalabro progresivo, do desprestixio e falta de introdución social da alternativa autonomista estase tentando, por todos os medios, crear de novo unha atmosfera propicia, a uns meses do referendo estatutario. O eixo da campaña está baseado en presupostos que inciden no noso complexo de inferioridade fronte a cataláns e vascos. Non se concreta para nada cal é o teito constitucional, sempre inservíbel para amañar minimamente algun problema galego, nen tampouco se concretan cales son as sustanciosas concesións feitas a cataláns e vascos, segundo tan afanosos comparatistas.

OS QUE NON CONCORDEN, AFORA

A manobra vai culminar na redacción nun tono máis demagóxico, aínda que igualmente fraudulento, dalgun dos artigos, motivo de disputa aparente, para xustificar a adhesión final alternativa autonómica. Esta cerimonia topa a colaboración da propia UCD galega que tamén envía telegramas e se encerra nos concellos para protestar contra da "brutal discriminación del centralismo con Galicia". Se se concretase e referise cal é tan brutal discriminación, veríase a ineficacia das concesións en calquera dos textos comparativos. Entón, o público entendería que hai que saltar o teito constitucional, para conseguir algo positivo, real, de interese para o noso pobo. O propio presidente Suárez ven de afirmar, pola TV francesa, que os que non concordan coa autonomía non teñen camiño no novo Estado, "cun poder central a nivel nacional e internacional, firme e seguro". O Presidente, na mellor tradición españolista, alcumou de separatistas aos que non concordaban coa alternativa autonómica, coa que se espera, segundo el, poñer fin a u problema existente, polo que "é unha porta á esperanza para as solucións rexionais". Neste xogo estamos.

A campaña de intoxicación autonomista, doída, acomplexada e "galleguísima", é a contribución confusionista para estabilizar o marco autonómico e prestarlle unha credibilidade mínima. Todos os que finalmente van votar si ou absterse no referendo, seguramente dirán que a súa aceptación do texto autonómico débese ás rectificacións conseguidas, despois de tan ardua campaña contra a discriminación.

A UTILIZACION

Parte do sector estudantil universitario está a realizar mobilizacións e excitación social con orixe incial na protesta contra da carestía dos pisos en Santiago e contra da carencia de comedores estudiantis e hospedaxes pertencentes á Universidade. As motivacións iniciais, aínda que plantexadas confusamente, (é inútil e contraproducente enfrentar a carestía da vivenda desde unha óptica puramente estudantil e en exclusiva hostilidade contra dos propietarios de pisos) están xustificadas. Resulta, porén, curioso e sorprendente que o proceso de defensa dos intereses estudiantis colla tales saídas que se acabe convertindo en protesta antirepresiva; por suposto, xustificada na que o pasotismo, o espírito anti-social e o descaro sexan dominantes a acción reivindicativa. Todo isto, aínda máis sorprendente, contando coa anuencia, o respeito, a tolerancia e mesmo a información destacada dunha prensa sempre reticente e discriminatória cos conflitos sociais. Unha cousa está clara: nesta ocasión os motivos pretextados estánse convertindo nunha mera utilización oportunista e demagóxica momentánea do sector estudantil por diversos intereses, entre os que se topan algúns moi afeitos ao concilio e o pacto democrático coas institucións e as autoridades.

resumes

MANIFESTACION NA CORUÑA.— Convocada por CC.OO. e UGT en contra do "Paro" e "Por un posto de traballo na terra" (consigna que apareceu espontaneamente durante a manifestación), participaron, pese a choiva, unhas cinco mil persoas.

OITO ALCALDES CONTRA O DESTERRO DE MARIANO ABALO.— Tenente de Alcalde do Bloque en Cangas do Morrazo, que acaba de ser trasladado a Barcelona, como funcionario de Correos; en todo o Estado Español somente hai outro caso semellante, a función que se lle encomendou en Barcelona foi a de revisar paquetes por se hai bombas. Os alcaldes que denunciaron este desterro discriminatorio foron os de Vigo, Redondela, Soutomaior, Vilaboa, Moaña, Cangas, Bueu e Marín. Asemade iste domingo celebrouse unha manifestación de protesta en Cangas.

MARCHA ECOLOXICA EN OURENSE.— Perto dun milleiro de bicicletas participaron nunha marcha ecolóxica organizada por algúns dos medios de comunicación de Ourense. A marcha rematou cun festival.

SR. VAZQUEZ AO MELLOR TAMEN VOTA NON AO ESTADUTO.— O deputado do PSOE pola Coruña así o manifestou nun artigo publicado en "La Voz de Galicia" da semana pasada.

UNHA EVOLUCION.— A do Sr. Alvarez Gándara, cabeza de UG nas municipais por Vigo, foi primeiro do MSG, pasou logo a PSG, no momento das municipais era independente, e hoxe aparece como un dos líderes do PG.

UN PATALEO.— A carta que dirixiron ao xornal madrileño "EL PAIS" os Partidos PCE, POG e PG, protestando por un editorial que consideraba a Galicia "nacionalidade de segunda".


A ENTRADA NO MERCADO COMUN SERA UN DESASTRE PARA GALICIA.— O dixo un profesor da Universidade francesa de Vicennes durante a súa estancia en Santiago. Xa se ve que non é só unha opinión dos "aborixens", até os observadores neutrais o din.

MAREIRA

O 11 deste mes de Santos, as CC.MM. patrocinaron unha manifestación en Vilagarcía, que contou co apoio expreso de varias Cofradías de Pescadores da zona, e que chegou a convocar a perto das 3.000 persoas. A mobilización ía con mentes de apoiar a unha Comisión que se trasladaría despois a Madrid portadora dunha carta contendo diversas reivindicacións do Sindicato a curto e longo prazo. Entre estas últimas, acaron da reivindicación da inspección continúa estatal sobre establecementos, fábricas, depuradoras, etc., ou de apoio técnico económico das iniciativas cursadas "a través de las Cofradías y el Sindicato", figuraban outras da caste de revisión da Lei de Sancións (non sentido de aumentarlle o tope até as

500.000 pesetas), o "decomiso de las artes esquilmanes, como entre otros del CAN y la BAQUITA", ou a supresión das Guías de Marisco actuais 15 días após o peche da veda.

Foto: F. BELLAS



carta entreaberta

¡Fó, demo, fó!

Querida Directora:

Hasme deixar que polo teu intermedio lle diga ó noso amigo Arnoso, alcalde de Fene, unha palabra de alento que, irrespetuosamente, puidera ser **adiante, rapaz!** E que neste recanto de Galicia chegan noticias que cheiran a terxiversación case todos os días, máis ben polo intermedio de certo periódico coruñés.

Penso eu que debe ser o alcalde de Fene, ó fin e ó cabo pequeno sitio, o máis deostado e máis amplamente atacado na prensa "regional". Se facemos caso do que lemos todos os días, teríamos que chegar á conclusión de que o Arnoso é propietario de longo rabo e ilustres cornos diabólicos e que ademais, coma dragón mitolóxico devorador de doncelas, bota xofre aceso por unha bocaza terrorosa. Daí que conviñera quitar unha foto súa na que se vise que é un home máis ben gordecho, con algúns fios de prata na barba e con certa pachorra concenciada que lle pón varios anos que non tén.

Agora seica os de todos os partidos que lles chaman españolistas de esquerda fixeron un convenio ou acordo entreyeles pra lle faceren a vida imposible, a ver se



reventa ou dimite. Porque os partidos eses, entrytodos, teñen a maioría na corporación de Fene, e seica non están dacordo coa xestión do alcalde que elixiron, o cal me parece moi ben, pois o raro sería que estiveran dacordo. Ou como van estar dacordo cun alcalde que encabeza manifestacións ilegás? Fó demo, fó! Como van estar dacordo cun alcalde que fai as cousas pola tremenda cando fai falla? Se un supoñer hai un problema escolar, o lóxico é seguir as canles regramentarias e que se solucione pró ano 85 se se pode. Solucionalo dun día pra outro, como fixo a comisión de ensino e o alcalde, eso non pode ser. Ondé vai a tese de que o

Bloque só serve pra berrar, protestar e dicir non? Eu entendo moi ben que PC, PSOE, e UG esteñan moi alarmados con este alcalde do Bloque.

Lendo entre líneas, un observador imparcial —coma min, se me permites dicilo sen rirte— chega á conclusión de que hai uns partidos que contan co pobo de cada catro anos, que queren que o pobo se mova de cada catro nos, e só astra o colexio electoral. Pero hai outro que di: votade cada catro anos, pero ademais, movémonos todos os días, loitemos todos os días, porque esa loita continua, é a auténtica democracia, o goberno popular.

Meu amigo Arnoso, déixame que che diga que hai miles e miles de galegos —e non só de Fene— que estamos detrás de ti; que miles e miles de patriotas ignoramos a difamación e a calumnia que ó teu través queren botar sóbor do Bloque; que ti, nunha difícil situación de minoría, estás contribuíndo duramente a que avance o movemento de liberación nacional. Cando tan mal falan de ti, é que o estás facendo ben.

DARIO XOHAN
CARANA

CANGAS

Correos bota un concellal para Barcelona

O pasado domingo, día 18, celebrouse en Cangas de Morrazo (Pontevedra) a manifestación convocada polas organizacións UPG, ANPG en protesta polo traslado do concellal do Bloque naquel Axuntamento Mariano Abalo, de Correos de Cangas a Barcelona. Non se sumaran a esta manifestación nen o PC, nen o POG, nen o PSOE, partidos que teñen representación na corporación municipal de Cangas, do mesmo xeito que o propio alcalde —do PC— asistiu a título individual pero non representando á corporación.

Na manifestación participaron unhas 2.000 persoas que coreaban "Non ao traslado de Mariano Abalo, Nova lei de Réxime Local, Garantías para os nosos concellais e Gobernemos nós a nosa Terra". Xa na alameda, dirixíronse aos asistentes Garmen Entenza, representante da

ANPG, que puxo de manifesto o carácter político deste traslado lembrando como tamén nesta mesma vila se produxera hai uns anos outro importante desterro na persoa de Francisco Rodríguez, naquel entón catedrático do instituto de Cangas. Sinalou, asimesmo, como tamén outros patriotas galegos foran desterrados en épocas pasadas referíndose ao patriota Castelao. Finalizou resaltando a finalidade de conseguir unha nova lei de Réxime Local con garantías para os concellais. A seguir entrevistou o propio afectado, Mariano Abalo que destacou e explicou aos asistentes detalles do seu traslado, das moitas xestións realizadas para se presentar ás oposicións, sinalando o carácter discriminatorio e a intencionalidade política desta medida. Rematou as intervencións o representante da

UPG, Lois Rios quen manifestou que esta non era unha agresión isolada senón que formaba parte da ofensiva que o capital monopolista tentaba, amparado na Constitución española, contra os intereses dos traballadores e de todas as clases populares entryo que sobranceaban o Estatuto do

Traballador, a Lei de Folga, a Lei Básica de Emprego, etc. regresivas no seu contido e que buscaban arrincarnos melloras que xa tiñamos conseguidas. Referiuse neste sentido ao Estatuto de Autonomía que impoñen de Madrid como reflexo lóxico e desenrolo normal desa Constitución sinalando que novamente o Bloque votaría non porque tanto este Estatuto como calqueira outro son sempre caciquis e coloniais. Rematou afirmando que só coas Bases os problemas de Galicia terían solución e que este acto de protesta serviría con toda seguridade para alertar ao noso pobo da situación dos concellais e tamén para unha solu-

F PUNTOS FUERTES
FICHET
CONTRA ROUBO
CONCESIONARIO SISESE
para Ourense e provincia
Galerías Roma, tda. 5
Progreso, 95
Tlf. 231706 - OURENSE

Cando alguns estaban xa a afirmar que Cuba fora unha excepción e que o único xeito de rematar coa miséria e a explotación na que se atopaba Latinoamérica era a vía democrática-burguesa; atopáronse co triunfo do sandinismo en Nicaragua que están seguindo outros movementos. O caso de El Salvador parece demostrar que os lavados de cara xa non chegan.

Sóbor do caso salvadoreño falamos con Saul Pillalta, representante en Europa do FAPU (Frente de Acción Popular Unificado). Por outra banda, Pillalta denunciou, nun acto para celebrar o cabodano da morte do Comandante, as torturas, os malos tratos e mortes sufridas polos desaparecidos, e como a Xunta pos golpista continua a represión aínda que faga declaracións aperturistas.

EL SALVADOR: Unha, dúas, tres, moitas Nicaraguas

CONVERSA CON SAUL PILLALTA

Cales son, a voso xuício, as saídas a curto prazo da situación política de El Salvador?

A verdade é que, nen a curto nen a médio prazo, ten saída a crise de El Salvador, que non pase pola vía revolucionaria, doutro xeito ao máximo que poden chegar é a retrasar o seu desenlace poñendo parches, pero non poderán contela porque é unha crise que require cambios profundos que, obviamente, a oligarquía non está disposta a permitir. Neste punto a nosa situación é moi distinta a nicaraguense, por exemplo, en Nicaragua un sector da burguesía incorpórase á loita popular debido ao saqueo do país que estaba realizando a dinastía Somoza, no que non lles daba participación; en El Salvador o enfrentamento é entre ricos e pobres e a súa historia é xa moi longa. A polarización da loita de clases no noso país é tal que non coidamos que se lle poidan atopar saídas que non pasen pola realización de cambios estruturais que a oligarquía non está disposta a permitir, como o demostra o feito de que, no ano 76, o sector terratenente lograra deter unha reforma agraria que estaba sendo impulsada polo propio imperialismo. Por eso nós coidamos que en El Salvador non é posible ningún proceso democrático que non estexa encabezado polo pobo.

Como as organizacións políticas salvadoreñas non son moi coñecidas en Europa, podemos aclarar que é o FAPU?

O FAPU é un fronte de masas revolucionario que xurde no 1974 como resposta ao pesimismo do pobo despois das eleccións do 1972, coa idea de aglutinar as distintas forzas políticas e gremiais de El Salvador. Deste xeito dura oito meses, durante os que se producen as manifestacións máis grandes da nosa historia. Como o FAPU unía a organizacións políticas de distintas tendencias empezan a darse loitas internas pola hegemonía do Frente, esto leva ao seu fraccionamento no 1975 do cal saen, entre outras, as organizacións que forman o Bloque Popular Revolucionario (B.R.P.). Despois deste fracaso, en 1976 xurde de novo pero xa como unha formación cunha liña política diferenciada, dentro da que se integran as organizacións representantes dos distintos sectores sociais: obreiros, campesiños, estudantes...

¿Baixo que condicións políticas se crea o FAPU?

Consideramos que o noso inimigo principal é unha oligarquía agro-exportadora, industrial e financeira, definimola así

porque é un pequeno grupo da clase dominante que ten o poder político e económico, é o que tradicionalmente se coñece como "as catorce familias". Nacemos loitando contra unha ditadura militar en escalada cara o facismo. Neste contexto rexeitamos a loita parlamentaria por considerala non axeitada a realidade salvadoreña, e propugnamos a insurrección das masas movida pola alianza fundamental de obreiros e campesiños, co apoio potencial de sectores da clase media.

¿Cales foron as circunstancias nas que se produxo a caída do General Romero?

Ben, no Salvador ao seo da oligarquía, que é o grupo que realmente manda, plantexábase dúas saídas para resolver unha crise política que se viña manifestando dende fai tempo, agudizada a partir de setembro. Por unha banda, a tendencia fascista plantexa que a saída á crise é unha masacre ao estilo do 1932 cando foron asesinados 30.000 campesiños; pola outra, Francisco de Zola encabeza outra tendencia que coidaba que a crise debía resolverse propiciando algunhas reformas e dando certa apertura democrática, postura ésta que era respaldada polo imperialismo norteamericano. Nese marco debemos situar as declaracións do embaixador iankee presionando á ditadura para que permitise certa apertura democrática do reximen e máis o feito de que Romero escomezara a falar do retorno dos exiliados, de eleccións libres, etc, presionado polo imperialismo. A isto hai que engadirle as viaxes que fixo a El Salvador William Bowler, do Departamento de Estado norteamericano, que chegou a presionar directamente a Romero para que renunciase. Esta presión era pública e demostrou o feito de que moitos meios informativos chegasen a anunciar a renuncia de Romero. Neste sentido, o golpe non colleu a ningún por sorpresa. Por outra banda, sabemos que moitos personaxes que agora están formando parte do Goberno mantiveron xuntanzas na embaixada USA. Todo isto evidencia a orientación imperialista do golpe de estado encamiñado a deter o avance da loita das masas, porque o imperialismo tradicionalmente se mantivo a través de ditaduras militares, esta véndose na obriga de cambiar a súa faciana e así demostra como está propiciando cambios políticos en países de África, Asia e América aínda que se trata de mellorar a forma de explotación.

¿Cal foi o papel de organizacións revolucionarias como a



Foto EFE

vosa neste proceso?

Nós declaramos a mediados de setembro o que chamamos a "Ofensiva Preinsurreccional durante a que tomamos igrexas, cantóns, bairros, impulsamos folgas obreiras, manifestacións, a creación de brigadas de autodefensa e propaganda, etc. A este proceso íanse somado cada vez máis as masas populares ao mesmo tempo que as organizacións guerrilleiras, pola súa banda, realizaban tomas de pobos, asaltos a cuarteis. Isto creou un estado de aferyescencia no pobo, marco no que se produce o golpe de estado, claramente co oxetivo de atallala. Despois disto a situación evidentemente é nova, os novos militares no poder están practicando o populismo e logrando confundir a unha parte do pobo, fixeron voltar ao candidato da Democracia Cristiana á presidencia nas eleccións de 1972 e arredor del están a facer unha gran campaña publicitaria, pois parece ser que é o novo home a promocionar en El Salvador. Entón nós o que temos que facer é adaptar a nosa táctica á nova situación demo-

crática, pero tendo en conta que o noso método principal de loita é a insurrección.

Hoxe dase en El Salvador unha gran diversidade de grupos revolucionarios ¿que posibilidades hai de unión e como enfocades o proceso e unidade nas accións destes últimos días?

Neste momento estamos mantendo conversas co B.R.P. e máis coas Ligas Populares 28, esto aínda non é a unión, pero coidamos que é un paso importante que chegamos a dar o ver a experiencia sandinista. A unidade é difícil e chegaremos a conseguila na medida en que o proceso o esixa. Por outra banda, a única postura común é a oposición a xunta militar, pero non existe coordinación e moito menos unidade, actuando cada organización pola súa conta e cos seus propios medios.

Antes falaches de organizacións guerrilleiras ¿qué relacións teñen cos grupos políticos?

Relacións orgánicas non existen, nen moito menos de dependencia. O único que hai son afinidades políticas, cunhas máis que con outras, pero os campos

están ben delimitados. Por unha banda están os guerrilleiros que loitan coas armas na man, e por outra as organizacións políticas impulsando a loita antifascista e combativa das masas, e máis a autodefensa armada desta que é necesaria porque en El Salvador calquer manifestación é masacrada e non podemos permitir que a ditadura nos gañe, dese xeito, a loita nas ruas. Isto non é o mesmo que facer a guerrilla e hai que aclaralo poque a oligarquía no poder, para desprestixiarlos diante do pobo, escomezou por chamarnos comunistas, non lle funcionou, guerrilleiros, e tampouco, entón tivo que recorrer a chamarnos terroristas. Quero deixar patente que nos non somos terroristas, facemos uso do dereito de organización que a mesma constitución política recoñece e do dereito de insurrección que tamén está teoricamente recoñecido.

Na situación actual a Xunta Militar conta co apoio de certos grupos políticos...

Os grupos que apoiaron, dende un principio, á Xunta son a Democracia Cristiana, a Social-Democracia e o Partido Comunista. Tal vez a colaboración que máis choque sexa a do PC pero a verdade é que non nos sorprende nada, desde fai anos o PC ven loitando pola legalización, era o seu soño dorado para poder participar nunhas eleccións. A nova Xunta ofreceulle isto, non resistiron a tentación e velaí, trouxo consigo unha fisura entre a esquerda tradicional e as organizacións revolucionarias, pero deixou claro diante do pobo quen é quen, quen claudica e quen segue a loitar.

A vosa loita ten algun xeito de converxencia coa do resto dos pobos de Latinoamérica?

A revolución non se pode fragmentar e Latinoamérica é mundial neste sentido. Cada avance que haxa en calquer país de Latinoamérica ou do mundo en favor de posicións socialistas é un avance que debe ser respaldado pero toda organización revolucionaria. Así, nós coidamos que a unidade das organizacións revolucionarias de Latinoamérica vai facer que as ditaduras teñan o seu fin, cada vez máis próximo. Nos apoiamos as loitas de todos os pobos de América Latina e temos recibido o seu respaldo e solidariedade para coa nosa loita, xa que a revolución cubana, nicaraguense, chilena... teñen diferentes desenvolvementos e características, con etapas distintas, son a mesma revolución, a latinoamericana e a mundial.

X. Lois G. Labandeira
Manuel Veiga Taboada

LALIN
**O ALCALDE CUIÑA:
 DESPOTA E ANTIGALEGO**

Por F. P.



No centro do noso país, Lalin: 20.000 persoas nunha bisbarra de montaña sometida ao caciquismo de sempre.

O actual alcalde de Lalín, José Cuiña Crespo escomezou a súa "carreira" como concellal polo tercio familiar na derradeira corporación municipal, boa escola dos moitos amaños que se faguían. Deste xeito, cando aquilo das Asociacións Políticas, traballou pola "Unión del Pueblo" (UDPE) e despois por Alianza Popular. Máis tarde, seguindo o mesmo camiño que outros "revirachas" arimouse a UCD. No Comité Local da UCD, mandaba entón Adolfo Campos Panadeiros—agora tamén Conxexal—e máis os seus, que levaban moito traballado faguendo socios para o partido. José Cuiña chegou a soste unha grande rivalidade con Campos antes das eleccións municipais.

ACIDENTADAS ELEIÇÕES

As portas das eleccións para concellais, José Cuiña vendo que un sector da UCD, facía confianza no seu home Adolfo Campos—Victor Moro, González Seara...—fixo a guerra pola súa conta, e contando co apoio do senador García García e do agora ministro Sancho Rof, a pesar de terlle sido ofrecido encabezar a lista xunto con Adolfo Campos, chegou a poñer a UCD provincial no dilema de Campos ou el. Así as cousas, José Cuiña compuxo unha Candidatura Independente, na que el mesmo figuraba ao fronte, metendo nela a xente da UCD que lle era "incondicional" e dereitos da Cámara Agraria que coidaba el "dominaban as parroquias".

Mentres, Adolfo Campos arrellaba a lista da UCD para as municipais, na que figuraba ao fronte Fidel Fernández Presas—na actualidade concellal—xa que el aspiraba a un posto na Diputación. Na presentación desta Candidatura no propio Cine

de Campos, Victor Moro fixo unha chamada de atención aos lalinenses por mor dunha candidatura que se facía pasar pola da UCD: "Son como os cucos que poñen os ovos no niños dos demais páxaros", alusión directa a Candidatura Independente que José Cuiña había de terlle moi encontra.

A rivalidade da Candidatura Independente coa presentada pola UCD, foi manifesta antes das eleccións municipais. Escomezou entón unha campaña para desprestixiar a Adolfo Campos e os do seu bando, con pintadas e panfletos con textos como estes:

"Si quieres un maricón vota a Fidel"; "Si quieres un matón vota a Campos campeón"; "Si quieres un ratero vota a Ricardo Vázquez Otero". Este clima pre-eleitoral chegou a maiores cando Adolfo Campos levado do xenio agrediu a Jesús Vence Lois, dono do Hotel onde a Candidatura Independente tiña instalado o seu cuartel xeral. O cébre caso, chegou a ser publicado nunha revista española co título "Lalín: UCD quiso ganar a latigazos". Aínda na actualidade se descoñece quen foron os que orquestraron esta campaña en contra de Campos, aínda que o máis beneficiado foi José Cuiña cos da súa Candidatura.

**JOSE CUIÑA
 ALCALDE**

A Candidatura Independente desplegau grande actividade antes das eleccións. Cun programa de obxetivos para o medio urbano e rural chego de tópicos sacou clara maioría na nova corporación—once concellais—. Máis do cincuenta por cento dos viciños abstiveronse de votar. A escasa actividade dos demais grupos que se presentaron as eleccións—Coalición Democrática, Unidade Galega e PSOE—xunto con o "percance" de Adolfo Campos, fixeron posíbel o triunfo da Candidatura de José Cuiña.

Deste xeito, a oposición quedou relegada a dous homes de Coalición Democrática (outros dous elixidos non pisan o concello), tres da Unidade Galega e tres da UCD. As principais comisións municipais e tenentes de alcalde foron dominadas pola

xente de José Cuiña—urbanismo, facenda, gobernación, obras públicas, etc.—.

**O NOVO COMITE
 DA UCD EN LALIN**

Somentes lle restaba a José Cuiña botar fora a Campos do Comité Local da UCD, que até fai puco mandaba. Nas eleccións para o novo Comité, despois de proclamar que apoiaría a Sancho Rof contra de Victor Moro para o Comité Provincial, o novo Alcalde conseguiu dominar este novo cotarro. O ministro Sancho Rof, visitaba Lalín pouco antes destas eleccións para interese polas obras da "Travesía Exterior". Todo un acto eleitoral.

Co novo Comité da UCD, e definidas as posturas dos concellais "independentes", dábase a particularidade de que a UCD, contaba con dous bandos na corporación municipal: o de Cuiña e o de Campos.

**A LABOURA DO
 ALCALDE**

Desde o dazanove de abril, data na que tomou posesión o novo alcalde José Cuiña, todo está por facer. Pouco máis se fixo que coídar a limpeza de ruas e estatuas, a limpeza non chegou onde facía falta. O programa que presentaba a Candidatura Independente antes das eleccións, pode denunciar o que se deixou por facer.

O máis grave problema que Lalín ten plantexado neste mo-

mento—o novo plan de ordenación urbana—vai trocarse nun triste "híbrido", no que as concesións que se fan aos especuladores. O Alcalde, vese incapaz de coutar istas apetencias dos infractores e especuladores que chegaron a facer verdadeiras urbanizacións clandestinas que agora tratan de incluír no novo plan sen pagar un carto. O alcalde, que ten unha empresa de carpintería de aluminio non pode facerlle fronte.

Por outra banda parece ser que as contas do Concello non están claras. Hai gastos por importe de varios millóns de pesetas de dudosa xustificación. A transparencia de xestión do alcalde deixa moito que desexar, e a oposición non parece ter forza para esixir contas claras. A maiores, contrata os servizos dun secretario particular con cargo ao concello que traballa na súa empresa de aluminio.

**AS ASIGNACIONES
 DOS CONCELLAIS**

No derradeiro pleno do concello celebrado neste mes de novembro o día 14, o asunto de maior importancia a tratar era o das asignacións do alcalde e concellais. A proposta polo Alcalde e máis os seus, era de 45.000 pesetas de soldada mensual para o Alcalde, gastos de representación, viaxes, etc, o mesmo que para os concellais dalgúnhas Comisións que cobrarían a razón de 23.000 pesetas. Acarón dos dous millóns de pesetas para pagar aos mandatarios deste municipio, que segundo se di "non ten un can". Ademais, o sueldo ou retri-

bución do Alcalde, con efectos retroactivos, como se houberse feito algo que a xustificara.

Opuxéronse a estas asignacións, Fidel Fernández (UCD), Florentino Cacheda López (UG), José Framiñán (Candidatura Independente), Adolfo Campos (UCD), Luís Sanmartín (C.D.), Alfonso Loño (Independente) Natalio Taboada (C.D.) e José E. Portas (Independente).

O señor Framiñán (Independente) perguntou ao Alcalde a que quedaba obrigado por cobrar esta compensación, obtendo por resposta que "el nivel de dedicación lo estableceré yo" e cun horario "de ocho a nueve o de ocho a ocho y media desparcharé con el secretario".

Ao señor Cacheda López (UG) pareceulle oportuno pospoñer o asunto e tratalo con máis vagar ou ben votalo por partes, cousa que non foi aceptada polo Alcalde, a quen ao parecer urxia a cobranza. E facendo uso da palabra o señor Sanmartín (C.D.), foi interrompido polo Alcalde José Cuiña e ameazado que de non calar "tomaría outras medidas". Na defensa do señor Sanmartín saeu Fidel Fernández (UCD), que erguendose do seu asento, botoulle en cara ao Alcalde o cansos que estaban de ouvir ameazas de toda caste.

Vendo o señor Cuiña que o asunto se lle escapaba das mans e sabedor de que a maioría dos concellais era do seu bando, cortou a discusión para que se procedese a votación da proposta tal e coma ía redatada. Como era lóxico, triunfou o bando do Alcalde e sómentes votaron non os señores Cacheda, Campos, Sanmartín e Fernández Presas.

Outros puntos a tratar nesta sesión foron a suba no preçio da auga, da recollida de basuras, plaza de abastos, etc. No caso concreto da auga a suba chega ao cen por cen. O concellal da Candidatura Independente don Manuel Iglesias Adán, caracterizouse na discusión destas subidas atendendo a consigna de que "os do povo viven a conta dos das parroquias", erguendo a voz en moitidume de ocasións, sen que o Alcalde lle retirara a palabra, coma fixera co señor Sanmartín, por tratarse dun dos seus "incondicionais".

Puco se pode agardar deste alcalde cunha ambición sen linderies, antidemocrata, despota e antigalego, pois aínda presumindo de "fillo de labregos" endaxamais cando preside a corporación municipal fala o noso idioma que di non saber. Faiselle pequena a Alcaldía—que é incapaz de ben levar—e aspira a outros postos—Xunta de Galicia—como outros politiqueros, con ánsia de figurar, cuia labourea e bon facer aínda está por demostrar.

N. da R.— Na derradeira sesión, o martes, o Cuiña botou á prensa fora. Agardemos as súas explicacións.

DE "RES PUBLICA" O dilema dos Estatutos: Entre o teito e o tellado

Por X.L. FONTENLA


Pasados os referendos dos Estatutos Vascos e Catalán e pasado un texto conflictivo de Estatuto Galego á Comisión Constitucional, que levará o mesmo camiño cara ao referendo no seu día na Galiza, compre considerar se non se mantén neles a mesma ambigüidade e confusión terminolóxica do que na Constitución Española, o que vai dar lugar a non poucos conflitos na práctica política cotidiana. Polo pronto, o partido conservador-reformista UCD, que controla o proceso político a nivel de Estado, en convivencia cos demais partidos estatais non vai permitir que desapareza "o poder paralelo" que supoñen nas Nacionalidades as Deputacións, Gobernador civís e todo o que implica a Provincia. Quer isto dicir que nas Nacionalidades vai coexistir en loita permanente un Poder de autogoberno (?!) e un poder derivador do Estado español unitario —os Estatutos non pasan dunha simples descentralización relativa— e capitalista.

Os Estatutos das Nacionalidades, nados sobre a Constitución Española de 1978, que admite o termo Nacionalidade máis non os dereitos inherentes a ese recoñecemento xurídico-político-federalismo, auto-determinación..., seguiron un trámite procedimental preferente a teor do artigo 151, 2,2 da Constitución e a disposición transitória segunda ao ter plebiscitado as tres Nacións periféricas —Euskadi, Catalunya e Galiza— no pasado afirmativamente as autonomías, concretamente durante a II República Española.

Esta fórmula "sui generis", dentro dun proceso controlado de reforma política, de tratar de solventar o problema importante dos Nacionalismo ibéricos non é endemal a acaída as necesidades obxectivas das Tres Nacións secularmente oprimidas polo Estado español e máis na Ditadura franquista.

Xa en anteriores ocasións aludimos ao proceso legislativo que o partido gubernamental está a levar para controlar todo o proceso político, pois mentras promove a elaboración de leis que afectarán grandemente aos dereitos das Nacións Catalana, Vasca e Galega —Financiación de Comunidades Autónomas, Tribunal Constitucional, etc— procede de consumo ao recorte do contido xurídico-políticos do Estatuto Vasco, Catalán e Galego. Na mente de todos están as discusións e debates extraparlamentarios para lograr un consenso de cada Estatuto e as longas sesións para procurar un entendimento e amaño nas Comisións á regra, apesar de ser o Estatuto un texto fundamentalmente elaborado polo partido do goberno, desbotadas as colaboracións de partidos galegos non parlamentarios, concretadas no chamado Estatuto dos 16.

A marxinação dos partidos galegos extraparlamentarios que para unha negociación extraparlamentaria tiñan tanto dereito como os vascos e cataláns, as manipulacións —aínda que se neguen publicamente— dos partidos estatais españolistas por moito que lle pese ao amigo Rodríguez Pardo, son de todos coñecidas. A división entre o que se dou en chamar UCD-Galiza/ UCD-Estado e mesmo entre PSOE-Galiza/PSOE-Estado é unha realidade máis que demostra a colonización da Galiza (e abonda comprobar como votou pe. ex Pio Cabanillas, os esforzos inúteis de Pardo, etc). Como dixo Risco, a quen hai que aproveitar no aproveitábel: "Os partidos políticos españois non só usurpan a representación da Galiza no Parlamento, senón



E ben claro o dito da nosa xente de "quen fai a lei fai a trampa" no presente caso, en que saen primados os partidos españolistas fronte aos nacionalistas ou nos sucursalistas. Evidentemente, cunha lei diferente electoral, de carácter federal, por Nacionalidades, mesmo as primeiras eleccións españolas serían un fracaso para os partidos españois, compre non esquecerlo ao momento de esixir fronte á Comisión Constitucional que agora ten o Estatuto de Galiza até o 22 deste mes de Novembro, non só competencias para a nosa Nación, senón que non se fagan amaños e trampas por vía da lei.

A estabilidade política democrática samente existe cando as institucións se axeitán verdadeiramente á realidade sociolóxica de cada espácio xeopolítico. No caso galego, os intereses políticos de partidos antigalegos e centralistas, ademais dunha importante e nada despreziábel ignorancia da realidade nacional e social galega levan a monstrosidades políticas de difícil reparación, como o propio Estatuto para a Galiza, tanto no contido como en canto ao procedimento da súa elaboración.

Os nosos graves problemas como comunidade nacional e dos sectores da súa provocación máis afectada, as nosas camadas populares, dificilmente van ser nen tan sequer postos en estudo en procura de solucións cun Estatuto cuíus competencias van ficar en mans do Parlamento Español, e cunhas institucións que van ser resultado dun amaño electoral —Xunta, Parlamento Galego—, á maneira dun corsé que non lle acai á realidade sociolóxica propia da Galiza.

que extravian e pervirten a opinión galega"... "O problema está xustamente en eliminalos da mosa vida política, en ceibar a opinión galega da súa tiranía e dos seus enganos".

E ven isto a conto, porque evidentemente hai un consenso entre os partidos estatais —PSOE, PCE e UCD— para conseguir tratar debidamente o problema do nacionalismo vasco, do catalán e do galego, quer dicirse para deixar todo atado e ben atado, sen superar o teito da Constitución Española.

Os Estatutos, nunha interpretación sempre reduccionista dos textos normativos da Constitución non só non chegaron ao teito, senón que non superaron nen o tellado da Constitución Española, que iso é o que é o tellado dun mal edificio: O Estado español actual e vixente. Todo o mundo comprende que comezar o edificio polo tellado nunca foi cousa boa, pois os cimentos poden e soen ser febles de máis neses casos ou non cadrar coa superestrutura do tellado. Isto é o que aconteceu coa Constitución Española que non responde ao contexto social, económico e político das Nacións periféricas.

Cos Estatutos quèrese homoxeneizar os espacios políticos e económicos tan diferentes como Galiza, Euskadi e Catalunya cara á integración no Mercado Común, dentro dun Estado capitalista e monopolista que ten un prazo medido para alcanzar tamén un teito que lle permita a integración pronta na CEE.

Compre non esquecer este dado fundamental para entender como si forza o "Si" nos referendos dos Estatutos e mesmo como se rebaixan as súas posibilidades políticas reais.

No caso do Estatuto Galego o artigo 32.4 é unha mostra clara da interferencia directa que o Estado tenta manter desde xa, antes de ser encetar o proceso da autonomía, no Poder de autogoberno da Galiza, como se non abondasen as leis ordinarias de desenvolvemento da Constitución para manter todo atado e ben atado —Financiación Comunidades Autónomas, Tribunal Constitucional...—

Resulta, pois, que o Estado español non virou a súa política colonial sobre a Galiza, á que non quer deixar ningunha capacidade política. Nese senso hai que interpretar a introducción á forza do artigo 32.4 en que as competencias da Nación Galega, aínda dentro dunha Autonomía controlada, ficarian supeditadas ao que determine a lexislación do Estado. Isto é, pasar pola peneira do Parlamento español.

Compre lembrar a Vilar Ponte en relación á estrutura unitaria do Estado español actual: "Pódese falar doutra unidade española que non sexa a que representan as fillas do réxime centralista —contado os monopolios —pois esa unidade si que ten existencia positivamente— E desa unidade nonsomos todos separatistas, todos, agás os que zugan dela? Que lle debe a Galiza á España? Como non sexa o caciquismo bárbaro que nos asoballa... Fágase cada galego esta pregunta e contéstela na intimidade da súa conciencia".

Tamén dentro desa intencionalidade política, de coutar as posibilidades de autogoberno da Galiza, está o número de parlamentarios que se designa sen estudos previos nen bases científicas para compor o futuro Parlamentario Galego, fixado por UCD en 70 membros e admitido xa polo PSOE como de 80 membros posibeis. Atado e ben atado ficará o proceso electoral ao esixirse o 3 por cento como tope electoral polo método Hondt, tamén en proveito dos partidos estatais.

don augusto

Por XAQUIN MARIN





Fotos: ritidas nos mitins do PS no Coliseum do Porto, o 16/11/79, e no da APU, coalición do PCP, na Praça de Humberto Delgado, da mesma cidade, o 17/11/79.

MARGARITA
Fotos: XURXO FERREIRA



PORTUGAL: PERDER OU GANAR ABRIL

Fanfarrias, coros a tope de voces triunfalistas berrando "o povo vai votar, o PS vai gañar", abrazos e bicos a Mário Soares; xubilados, amas de casa ás que se lle reclama o voto porque as mulleres son o 53 por cen da poboación portuguesa e "coa sua intuición femenina" xa contribuíran para que o PS pudiera gobernar, son constantes na campaña deste partido. Tampouco faltan as visitas de sempre aos mercados e esas conversas coas vendedoras de peixe do lider socialista, nen faltan nos seus mitines os chamamentos á descontenta pequena burguesía ou mesmo á Igrexa —empeñada, por outra banda en apoiar con folgos á coalición da dereita Alianza Democrática—; para uns e outros arborando a bandeira liberal dos dereitos humanos cun certo aquel de recaudo no uso e abuso de palabras como liberdade, progreso, "paz social en Portugal". E é que ao PS, máis do que nunca, tocalle nestas eleccións "bater o pé" como tantas veces lle ouvimos aos seus militantes.

Menos naturalidade, menos populismo, máis veces torpe e inxenuo, máis formalismo e máis autobuses pagados fan presenza nos actos da formación enemiga número un, (tanto para o PS como para outra coalición de esquerda, a APU, formada polo Partido Comunista e polo Movimento Democrático Portugués), que xunta a democratas cristiáns (CDS), social-demócratas

(PPD) e restos monárquicos do PPM e tamén as simpatías da xerarquia eclesial e de grupos de extrema dereita como o MIRn, implicados en sucesivos intentos golpistas desde o 25 de abril do ano 74. E a "Alianza democrática", solución represiva e pro-imperialista sen ambigüidades, solución apoiada, tamén sen recato, pola UCD española.

Ranchos folklóricos bailando horas e horas baixo un insistente orballo, os globos de cores suaves, a consigna de abril "o povo unido jamás será vencido"; homes e mulleres populares aos que Cunhal lles explica que votar na fouce e no martelo nesta ocasión é votar nas tres rodiñas da APU, ou que un voto no PS é un voto incerto e inseguro e que milleiros de seus antigos votantes faranno desta volta na Alianza Povo Unido que a "Alianza Reaccionaria" xa é ben coñecida polos 251 días que estivo o Goberno Mota Pinto, o último antes da disolución do Parlamento, ao fronte do aparello do Estado, que din que "están fartos do partido dos pobres porque eles son o partido dos ricos".

UN PAÍS QUE XA TEN MEMORIA

Son estes, sen dúbida, os tres eixos sobre os que están a rodar as eleccións do vindeiro 2 de nadal nun país que foi recuperando dignidade, dereitos, amizade coas mesmas ex-colónias, control público sobre sectores

importantes da industria e os servizos; un país que se atreveu coa Reforma agraria, que fixo unha das Constitucións máis progresistas de Europa e que desde hai tres anos, sob un goberno PS de inicio, PS-CDS a seguir, de independentes pro-imperialistas con Nobre da Costa ao fronte despois, e, por fin, co que deu amplas mostras de fascitización, o Goberno Mota Pinto, mergulouse en enfeudamentos (empréstitos do Fondo Monetario Internacional, por exemplo), ou en conxelacións salariais, liberalización dos despedidos, subemprego, inflación, conflictividade social. Un país que experimentou o presidencialismo nun Eanes empirista e desnortado, que experimentou as policías paralelas da patronal, a arbitrariedade... ¿quen diría o contrario do Gobernador Civil de Porto, socialista, dando a calada a que unha candidatura do sindicato de servizos vencedora recén nas eleccións non poda tomar posesión desde hai meses porque a dirección sainte —de UGT— se nega a abandonar o sillón? Un país que aplaude, porén a Lurdes Pintassilgo, esta primeira ministra cun linguaxe esixente fronte aos países ricos a teimar nunha nova orde económica que entronca coas posicións dos non alineados e que, irreverentemente, tronzo nestes cen días a costa abaixo do escepticismo. Neste país, para recoller a información que ofrecemos, fa-

xeral do PS, Mario Soares, co cabeza de lista por Porto, o profesor Carlos Lage, e, tamén, co membro da comisión electoral da APU Joao Guerra ou cun dos

intelectuais máis prestixiados confiantes de Portugal, do comité central do PCP e candidato nestas eleccións, o catedrático escritor Oscar Lopes.

OS SOCIALISTAS NON QUERIAN...

"As eleccións para a Assembleia da República efectúanse despois dunha crise gubernamental que levou á disolución do Parlamento e chamámoslle "intercaladas" porque somente terán vixencia para 8 meses xa que no prazo legal, no 1980, teñen de se

realizar outras con consecuencias para a revisión constitucional e nós, socialistas, fixemos esforzos para que non as houberse polo desgaste que supoñen" manifestanos Carlos Lage, aínda que ven

recoñecer que "son importantes dado que ao contrario do que aconteceu anteriormente, a dereita reagrupouse e espíra a conseguir a maioría absoluta no Parlamento xa que por mor do método Hond pode non se corresponder cunha maioría absoluta de votos".

A DEREITA, TAMPOUCO

Polo contrario, para Joao Guerra, da APU, a realización das eleccións é unha derrota para a dereita que tenta alterar a lei electoral para que os resultados non se traducisen fielmente no Parlamento e someter xa a Constitución a referendo con vista a modificacións de fondo, e engadentes "realízanse culminando un longo proceso de loitas contra a política da dereita que agravou condicións de vida; contra a represión nas empresas e a violéncia dos grandes propietarios nos campos e cunha influencia social maior do PCP non se traducira até agora a nivel electoral porque hai moita xente mistificada pola propaganda reaccionaria que é capaz de



ARIT
FERN

SE NA
AREC
IGUE
COMI

É POR ISSO MESMO!
JOGAREMOS À BOLA
COMUNS COM OS OUTROS!



intereses de classe pero votar
contra eses mesmos intereses.
Pero crémos que se está a dar
unha alteración e que a expresi-
ón eleitoral vai estar máis
próxima da influencia social",
analise que, dalgun xeito, confir-
na Carlos Lage ao apontarnos
que contan con que o PC medre
eleitoralmente "debido ao
aumento do coste da vida, ao
desemprego e a outros factores
de orde social que xeraron algun
descontento popular".

FMI E MERCADO COMUN

"Consideramos que a Revolu-
ción do 25 de abril foi unha
afirmación grande de indepen-
dencia nacional, púxose fin á
guerra colonial e creou condi-
cións para que Portugal se
desenvolvese de forma indepen-
dente pero desde o 76 os
governos do PS ou os que o PS
consentiu —o último, o Mota
para Jo Pinto caracterizámolo como fas-
cista— foron de submisión
ao imperialismo, cos ollos postos
na entrada no MCE, que repre-
l para a ruína para inumerábeis
pequenas empresas, para os agri-
cultores, o agravamento da exi-
ción a "rotación dos traballadores"
modificaba o membro da APU
engadentes o portavoz socialista
un longo argumento que pode que o PS
vera cometido un erro ao
formar o segundo goberno cons-
titucional coa CDS pero que esta
sa e a dirixentes dialogantes (cita a
reitas do Amaral e Amaro da
posta...), que ademais era un
PCP aliado da dereita pero débil e que
ora a novo PS non fixo entón unha
ita xerando máis á dereita da que
propaganda facendo. Tampouco signifi-
capaz que estivera facendo unha

que xestionar unha situación
económica complicada porque
no 75 fixeranse nacionalizacións,
unha Reforma Agraria Radical
no Sur, houbo fortes incremen-
tos salariais que aumentaron o
poder de compra ao tempo que
disminuíu a produción e tivemos
que tomar medidas impopula-
res... pero co do FMI o deficit da
balanza de pagos diminuíu ain-
da que incrementou o desempre-
go que non é catastrófico xa que
a pesar de haber 700.000 persoas
que voltaron das ex-colónias o
paro situase hoxe ao redor do 10
por cento da poboación activa,
con 400.000 traballadores".

SOARES: O APOIO AMERICANO

A procura de apoios estranxeiros
—a veces traducense en 30
coches cor laranxa, como os que
mandou Alemania no 76—foi de
sempre un estigma de Mario
Soares —por non referirnos xa a
AD do quytodos coinciden quen
nen ten capacidade para facer
unha campaña propagandística
pero que lla fai España— e desta
vez empezou con Felipe Gonzá-
lez, quen sorprendentemente
presentouse como militante da
UGT mentres o público que
enchia o venres 16 o Coliseum
berraba "UGT, UGT" aínda que
dirixido á central sindical que os
socialistas, aliados co propio
PPD, andan a promover. Soares
até conseguiu coutarlle o apoio
explícito americano ao doctor
Sa Carneiro, equizabes, por iso,
popularmente dicíase que o
Soares "ia traer Kennedy" e o
proprio Soares declaraba para A
Nosa Terra:
"Eu nunca dixen que ia traer a
Kennedy, a resposta referente ao

está envolto nunha campaña
eleitoral e non é momento para
deixar a América máis os sec-
tores progresistas de América
apoiame e tiven excelentes
relacións cando fun primeiro
ministro, e aínda hoxe as teño,
coa administración actual ameri-
cana e con moitos senadores e
membros do Congreso ademais
coido que os sectores progresis-
tas de todas as sociedades apoian
ao PS porque é democrático, de
esquerda".

O líde, socialista opina por
unha banda que a Pintassilgo ten
boa vontade, que lle ten amista-
de e consideración que fai o que
lle é posíbel nunhas condicións
difíceis e tampouco escatima
dicer que Portugal, cos Governos
PS, non acentou a súa dependén-
cia do imperialismo e explica así
o acordo co FMI:

"Non había outra alternativa
para resolvermos a prazo a nosa
angurriante situación financeira.
Muitos criticaron eses acordos
pero ninguén dixo como pode-
ríamos divisas para honrar os
nosos compromisos interna-
cionais. A situación sería de
bancarota, non teríamos recupe-
rado o noso ouro —que se
revalorizou tres veces— nen terí-
amos hoxe petróleo para facer
traballar a nosa industria nen
pan que comer xa que a maioría
do trigo importámolo e todas as
forzas, incluso o PC, dixeron que
era inevitábel e coido que de non
se; así quen sufriría directamente
na súa carne sería o pobo xa que
o nivel de vida baixaría de
maneira alarmante, como sucede
noutros países e especialmente
nalguns países comunistas".
Tampouco dubida, Mario Soa-
res, a resposta referente ao

"Nos somos favorábeis á entra-
da, fomos os campeóns desa
entrada por dúas razóns, unha de
orde política visto que fixa o
esquema democrático e unha
Constitución con acento tónico
na defensa dos dereitos humanos
e, por outro lado, por razóns
económicas e sociais nós xa
estamos dentro do MC, queira-
molo ou non, porque temos un
millón de traballadores en Euro-
pa e porque o 65 por cento do
comércio externo portugués é
con países do MCE".

Seguro de que vai conseguir
maior porcentaxe de votos que a
AD dice que quen ane debe
governar, aínda que sexa por
maioría relativa e contesta supe-
to cando lle plantexamos que a
opinión dos comunistas é que se
debe formar un goberno demo-
crático contando co seu apoio
lembrando que xa houbo con
anterioridade maioría numérica
do PS e do PC na Asamblea pero
que non foi unha maioría polí-
tica efectiva pola recusa obsti-
nada do PS.

"Non temos ningunha perspec-
tiva de alianza co PC porque tivo
un comportamento antidemo-
crático en Portugal, quixo tomar
o poder pola forza e pola
violencia e non pensamos que
teña dado suficientes probas de
garantía democrática para que
eso seña siquer encarabel. Por
outro lado o noso proxecto de
sociedade é completamente anta-
gónico: nós defendemos a liber-
tade e os dereitos humanos e o
PC non. Aínda agora, co caso do
xuízo de Praga quedou calado.
E un partido que apoia as
posicións leninistas e ten unha
concepción totalitaria do Esta-
do...

OSCAR LOPES: PS, GUARDACHUVAS DA DEREITA

"¿Qué Mario Soares non cree
na posibilidade de entenden-
to?, atallará Oscar Lopes, candi-
dato pola APU, "eu encontreime
con Mario Soares no 1972 en
Moscu e el non daba credito a
Revolución en Portugal, estaba
convencido de que sería primeiro
en España. Os socialistas teñen
que convencerse de que teñen
que facer unha política de
esquerda, que teñen que ser fieis
ao voto do pobo e por iso canto
máis fortes sexamos nós maior
será o noso ascendente sobre os
socialistas para forzalos a cum-
plir o seu propio programa".

E o dr. Oscar Lopes fala así
porque para el "o imperialismo
olla para Portugal, para Angola,
tamén para Mozambique de
onde vin hai poucos días e sei da
calor da loita popular que se está
enfrentando. E a vitoria da
democracia en Portugal é inter-
dependente da vitoria nas ex-
colonias, diría mais, nos pobos
da España ¿que si avanzou
nestes anos? A dereita aguan-
touse gracias ao paraguas do PS
pero estamos convencidos de
que teremos a vitoria, si, e
tamén estou convencido de que
ousaremos reconvertir a política
do PS".

Perder ou ganar abril, o 25.
Mentres, unha enquisa á que tivo
acceso A Nosa Terra daba un 50
por cento de silencios e os
seguintes porcentaxes sobre os
partidos que "Vd. non votaría
a...": 63 por cento APU, 30 por
cento AD e 3 por cento PS e un
comentario do responsábel da
enquisa: "a xente esquece axi-
ña".

UNHA VIAXE A LONDRES



Unha muller, que se atopa por vez primeira nun país alleo, non é máis que iso: unha muller soa.

Enton, o derredor adquire as proporcións dun gigante, e unha se converte nunha especie de Gulliver enano.

A partir de aí, pódese escomezar a historia..

Inverno. Un aeroporto imenso habitado polos máis diversos seres humanos, inhumanos. A espera. No ar un canto feito dunha mistura de línguas, que nada teñen n común coa propia lingua. E un novo medo de non ser entendido se soma ao anterior.

DESTINO: Londres.

MOTIVO: Aborto (desfacerse dun tempo inoportuno, ou sinxelamente non buscado voluntariamente, para parir)

TEMPO: Catro días escasos.

E Gulliver chega a unha cidade de 14 millóns de habitantes; a súa pouquedade de medios en relación coa cantidade de necesidades fan medrar o frío, o tremer das mans e da voz, cando se dirixe a un taxi, tal coma se fose un enorme escaraballo negro, disposto G. a ser engulido e sen saber cómo nen cara onde..

Folerpas de neve lembran lindos contos de fadas, pero non confundamos nen esquezamos: este é un triste conto.

Gulliver non fai máis que preguntarse a cada momento qué pasará logo e logo...

E logo chega o momento de sentirse máis indefenso aínda:

—Desnúdese completamente.

—Hai que pagar por adiantado.

Xa somentes resta agardar, que o miragre de recobrar o tamaño normal, se realice nunha clínica máis ben lonxana, con aspecto de linda casa, rodeada dun ardín xelado.

Non obstante, non confundamos nen esquezamos: trátase dun hospital que cheira como todos, a cousas raras.

Revísten de papel a tua desnudez. Déixaste levar como un condenado inxustamente por un homicidio non cometido: polo menos, non a sangue fría nen a soas; porén o compañeiro é absoluto sempre.

A tua mente é inutilizada totalmente por unha hora; non é moito se se pensa que, a través da historia, a nosa mente ten sido desviada de todo natural crecemento,

descaradamente enfocada cara a un rumbo alienante, humillado, infernal; en soma, desprezable.

O despertar aseméllase ao da imensa maioría: unha abre as palpebras e atópase soa, tan soa como cando se desperta á beira dun ser dormido ou anxeioso de se satisfacer a sí mesmo ou tranquilamente indiferente.

Unha síntese en certo modo liberada, en certo modo triste, non por ter perdido algo, senón por terse visto inxustamente obrigada a tomar o ridículo aspecto dun enano (aínda que temporal), a cambio de salvar a definitiva condena dos convencionalismos sociais impostos pola moral burguesa.

A tristura ven, despois de todo, dada pola inevitábel sensación de seguir, no fondo, tendo algo de enano definitivo. Porque non hai lugar a xusto xuicio, porque sempre se é culpábel. Sempre o compañeiro é absurda e realmente inocente, cando os dous somos absurdamente inocentes.

E, xa, voltar ao momento de Gulliver no país de Gulliver é o único importante.

—O temor de voar se esmorece.

—E un enano agarda no aeroporto.

—Xa temos recuperado o noso tamaño: Todo está ben.

—Ou case todo, querido señor meu...

Non obstante, vostede continue ancorado nese todo, que do xigante case, xa me ocuparé eu...

—Coma ben ten dito un entrañábel amigo, que supoño algo me quer.

—“E o teu problema, nena”...

Claro; se me gostase viaxar. Se ser Gulliver no país dos xigantes fose o mesmo que ser Alicia no país das maravillas..

—Non podo despedirme con amor.

—Sería falso.

—A historia non se detén.

—Silencio...

—Eu...

—Decembro.

C. M. R.
A 24—Marzo—1979
en Santiago

PREOCUPACION POLAS FORMAS

A minha preocupação polas formas “Castelhanas” do idioma Galego é cada vez maior.

Vai a minha preocupação em proporção ao incremento dos castelhanismos que uoservo dende que comezei a ler em galego alá polos meus trece anos. Os textos escasos daquela época escritos no noso idioma, aínda que um pouco anarquistas, cuidaban-se máis da influencia linguística de castela. Por poner um exemplo, “aldeia”, “ideia”, etc. escrebea-se entom correctamente.

E lamentavel olhar palavras como “correios” escrita nos textos modernos galegos “correos”. Póis si pronunciamos engorde (despacio) comprobaremos que em toda Galiza diz-se “co-rre-i-os” e nom “co-rre-os”, “i-de-i-a” e nom “i-de-a”.

Mas hoje já se castelhanizou tudo isto, e escrebem os novos linguistas “idea”, “correos”, etc.

Quizáis por nom caer em lusismos! !

Si continuamos neste ritmo, demtro de vinte anos o galego nom se diferenciará mais do idioma de castela do que se diferencia hoje o “Bable” de asturias do Castelhamo.

E entom diran-nos o que lhes dizem agora aos asturianos. “...Es ridiculo escribir en una lengua que no se difirencia de la del estado mas que en cuatro palabras...”

Que ninguem olhe nestas linhas um afám diferencialista porque sí. Nom, só que o de Deus a Deus e o do Galego ao galego.

Quem diz esto diz o nome dos dias da semana, aínda que venha de mais atrás é umha cousa semelhante. Isso de Luns, Martes, Mercoles, Xoves, Vernes, etc. etam ridiculo que a vezes fai-me pensar em que si algun dia se dará em denominar, em vez de primeiro, segundo, terceiro, etc., xoves, vernes, etc.

Vendo tudo este panorama, é de pensar que nom andaré menos castelhanizado o nome dos dedos da mão.

Cando eu era pequeno no meu povo, e que conste que está máis lonxe de Portugal que das provincias de León e Oviedo, aos dedos da mão chama-se-lhes Pequeninho, medianinho, pai de todos, fura bolos e mata piolhos. Mas, agora que todos entendem a lingua, seguro que para nom cair em “colonialismos portugueses” se comezará a dizer “minique”, “pulgariño”, etc.

Eu sou demasiado insignificantee para poder dar um conselho, más fariálhes umha suxerencia aos partidos políticos, que se adiquem um pouco máis á política e que deixem a lingua, no que á ortografía se refíre, aos que de verdade entendem da materia. Desgraciadamente, eu nom me atopo no lugar destes ultimos e menos no dos primeiros.

E polo que desde um prano neutral, aínda que nacionalista, se vexa mais craro o papel de cada quem.

MONCHO ARXIZ FIDALGO



mostra de outono

ARTISTAS GALEGOS PARTICIPANTES

EN VIGO

DO 28 DE
NOVEMBRO AO
15 DE NADAL
NA SALA DE
EXPOSICIONS DO
AXUNTAMENTO
NOVO

- Abelenda
- X. M. Acuña
- Alexandro
- Rafael Alonso
- Abreu Bastos
- Baltar
- Blanco Casal
- Elvira Blanco
- Broz
- Buciños
- M. Busto
- Caballero
- Camaño Xestido
- Camesaña Cobelo
- M. Jesús P. Carballo
- Luis Caruncho
- Víctor Casas
- Jorge Castillo
- Castro Couso
- Colmeiro
- Víctor Corral
- Alfonso Costa
- Felipe Criado
- A. Datas
- Díaz Fuentes

- Díaz Pardo
- Eiravella
- Perfecto Estévez
- Suso Fernández
- Xurxo Fernández
- Elena Gago
- Alfonso Gallego
- Armando Guerra
- Amando González
- González Pascual
- Huete
- J. Ramón
- Anselmo Lamela
- Laxeiro
- Lodeiro
- Lugrís Vadillo
- Blas Lourés
- Mantecón
- Aná Martínez
- Xaquín Marín
- Xulio Maside
- M. R. Moides
- Xusto Moreda
- B. Moreiras
- Morroy

- Xoan Oliveira
- Enrique Ortiz
- Pacios
- Xosé Luis Panedo
- Antón Patiño
- Reimundo Patiño
- Aurichu Pereira
- Pesqueira
- Xoan Piñeiro
- Prego
- Antonio Quesada
- Silverio Rivas
- Rivas Briones
- Manolo Ruibal
- Miguel Saco
- Felipe Senén
- Antón Sobral
- Suárez Lago
- Alfonso Sucasas
- Manuel Torres
- Vidal Souto
- Vilanova
- Fiz Valcárcel
- Xesús Vázquez
- Xurxo Vazquez

NA CORUÑA:
DO 6 AO 25
DE NOVEMBRO
NO KIOSKO
ALFONSO

ESPAÑA

ESTATUTO: HA STRA QUE O CORPO AGUANTE

X.L. LABANDEIRA

A pesares das xuntanzas dos vernos e luns pasados que celebraron delegacións de UCD e PSOE, arredor do estatuto pra Galicia, nas que parecen non ter chegado a ningún acordo importante, a discusión do articulado deste estatuto, escomezada o día 20 na comisión Constitucional do Congreso decorreu entre o dominio da UCD, que imponía en todo intre as súas alternativas, e o nerviosismo patalexante da oposición. Visto' este éxito, Emilio Attard (UCD) propoñía xa entrada a noite proseguir a aprobación de artigos "hastra que o corpo aguante".

Así foi como, a pesares dos preto de 180 votos particulares presentados ao informe da ponencia, no primeiro día de discusión dentro da Comisión, que se retrasara unha e outra vez debido aos intentos do PSOE e de UCD de conseguir un acordo, chegouse a aprobación de boa parte do articulado.

En canto ao apartado 4 do artigo 32, que confía, como xa se sabe, o control do poder da Xunta ao Parlamento español, e que deica agora fora o que máis oposición suscitara, a UCD parece que estaba disposta a modificar a súa redacción, pero incluíu o dereito a este control nun punto do artigo 10. Outro apartado que tamén creou controversias dabondo foi o do número de parlamentarios que compoñerán a futura Asamble de Galicia, e que serán entre 60 e 80 segundo a opinión centrista, que saíu

ganadora a contra das opcións dos grupos socialistas, comunista, catalán, basco e andalucista, que defendían a composición entre 100 e 125 deputados que propoñía o texto inicial; a UCD viu acusada neste punto de

querer consagrar en Galicia o bipartidismo e de intentar que samente os sectores hoxe dominantes tiveran acceso a Asamble.

O PSOE NEGA

Polo que se refire ao tema do idioma, mantiveron posicións enfrentadas dúas concepcións do bilingüismo; a da UCD, que fala de "potenciar a lingua vernácula", e a da oposición, defendida polo catalán Solé Tura, que se refire a obriga de coñecer o galego; neste punto, claro está, tamén triunfou a postura do Centro, aínda que foi calificada por Rodríguez Pardo como un "atentado contra o idioma e o pobo galego".

Nesta situación, os compoñentes dos grupos PNV e Convergencia Democrática de Catalunya, que defendían as posturas do Partido Galeguista, anunciaron a súa retirada do seo da comisión por considerar a súa actuación como inútil, dado o dominio da UCD; esta postura crítica o resto dos grupos da oposición que así quedan nunha minoría máis evidente diante do partido gubernamental. Ao mesmo tempo, o PSOE, a pesares das xuntanzas que os dous partidos celebraron e que xa citamos ao principio da crónica, volven negar a existencia de calqueira caste de pacto ou acordos con UCD no tema do Estatuto de Galicia, e calificou de manipulación da opinión pública calqueira afirmación nese senso.

E así, síguese a armar barullo arredor dun Estatuto que lle chamán de Galicia, e que os seus autores din que o fixeron na Moncloa; estatuto que defenden andaluces, cataláns e bascos, que de súpeto empeza a suscitar unha chea de polémicas e que semella un magosto con moito ruído e poucas castañas.

EUSKADI

O TEMA DE NAVARRA

MAIALDE

O tema de Navarra volveu a ser centro de atención estes últimos días. Por unha banda, a visita do presidente de Generalitat a Pamplona levantou indignacións e protestas nos meios abertzales. As forzas nacionalistas representadas no Parlamento Foral, PNV, HB, Amaiur —grupo este último formado polo grupo parlamentario EE e Independientes— condenaron duramente esta visita, aludindo a Tarradellas como "o mellor home de Suárez" por visitar Navarra, respotando así a política de UCD e aos seus intentos de marxinar Navarra do resto de Euskadi.

previo a un posibel referendum que decida a integración ou non de Navarra no ente autonómico vasco.


O II CONGRESO DO PSOE

O pasado día 18 remataba en Bilbao o II Congreso do PSE-PSOE. Durante catro días cerca de catrocentos delegados, presididos por Juan Manuel Eguia-garay, trataron temas como o estatuto de autonomía, a xestión do partido nos dous últimos anos, a independencia sindical da UGT respecto do partido e a temática arredor dun posibel referendum en Navarra. Dito congreso contou coa asistencia de representantes dos Partidos Socialistas de Catalunya, Portugal e Francia, así como da Internacional Socialista, do Frente Sandinista e da OLP.

A violencia e o tema de Navarra foron sen dúbida algunha os puntos máis debatidos neste congreso. Sóbora da violencia, o discurso do até agora secretario xeral, Benegas, foi concluínte. O congreso, que comezara cun minuto de silencio por Germán González, morto polos Grupos Autónomos, aplaudiu a intervención de Benegas ao falar éste do fundimento de Euskadi polo terrorismo, a crise económica e o deterioro da convivencia. "Hai que rematar —afirmaba— co novo mesianismo que quere impoñer a súa vontade coa forza das metralletas. A violencia de ETA, a marxe de condicións éticas e do dereito á vida, é unha violencia inútil sen futuro de alternativa política posibel".

VASQUISMO—ESPAÑOLISMO

Un punto particularmente debatido neste congreso foi o do vasquismo-españolismo-socialismo. Mentres que para algúns, fundamentalmente vizcaínos, o PSOE abandonou a profundización nunha liña de clase en aras da reivindicacións autonómicas, para os guipuzcoanos, e tamén para Benegas, o PSOE non consegue dar nen unha imaxe vasca nen vasquista perdendo así unha parte do seu eleitorado, nen logrou penetrar en sectores da sociedade vasca. Respecto de Navarra non saleu unha liña clara, quizais debido á escasa traxectoria do actual PSE de Navarra e ás tendencias moderadas dos socialistas navarros encabezados polos p. Urraburu e Arbeloa. Queda, pois, a vía do apoio á moción xa presentada no Parlamento Foral ou a tese defendida actualmente por Arbeloa, presidente do Parlamento Foral Navarro, de retardar o referendum e de negociar entre Navarra e o CGV, ou no seu día o Parlamento Vasco. Como razóns para esta postura aluden os socialistas ao risco dunha liorta interna en Navarra se de dise un referendum ganando por escasa maioría, o cal podería levar incluso —segundo o seu xuício— a que Aizpun, do Burgo, e o resto da dereita navarra non acepten os resultados do referendum.



Tamén nos debates dos dous partidos. Para Mario Onaindia, sigundo afirmaba despois da última reunión do partido, é necesario chegar a un acordo político de fondo co PSOE neste tema e negociar un calendario a medio prazo. Así saleu a moción presentada por José Casajús no Parlamento Foral, apoiada por EE, PTE, SI e PCE para que o Parlamento Foral se pronuncie sóbora do contencioso Navarra-

Euskadi.

Dita moción, presentada por primeira vez por Mikel Sorrauren de EE e rexeitada por defecto de forma, foi presentada por segunda vez o pasado día 13 na mesa interina do Parlamento Foral por Casajús, membro do PTE e pertencente ao Grupo Mixto. Foi aprobada coa única oposición do parlamentario de UPN. A moción deberá ser aprobada no Parlamento Foral como paso

COLCHONERIA SANTO DOMINGO

50 ANOS TRABALLANDO
PRA MILLORAR O SEU
DESCANSO

STO. DOMINGO, 42. TIF.: 222545
OURENSE



**PRA MOBLAXE
CONSULTENOS!**

ALMACENS FERNANDEZ

REZA, 15 - OURENSE

CALIDADE AO MERCAR, COMODIDADE AO PAGAR

O KURDISTAN, PAIS NEGADO (e 2)

Al-Barzani, morto no marzal deste ano, mantevo sempre acesa dende os anos trinta deica á sua morte, a chama da liberdade e dos dereitos nacionais do pobo kurdo. Dirixente do P.D.K. (Partido Democrático do Kurdistan), fundado no 1946, e que é unha organización craramente antimperialista e revolucionaria, que ten como oxetivos a independencia e a revolución socialista no seu país tense ido con o tempo radicalizándose máis nos seus aspectos sociais até ser hoxe unha organización profundamente implantada en todo o Kurdistan entre os obreiros e campesiños.

Lider dos peshmergas, guerrilleiros kurdos, de orixen rural e campesiño en maior parte, que loitan polo seu país e tamén pola revolución, se lles sinte cantar xuntos á noite e oredor dos fogos, o seu hino nacional **Ey Raqib**: "...Oh! inimigo, o pobo que fala kurdo segue existindo e o camiño da historia non o poderá destruír. Que ningún diga que os kurdos están mortos... Os kurdos están ben vivos e a sua bandeira non vai deixar de ondear..."

E logo a seguir, se lles sinte cantar o hino: **Azadi Khwayn Kurdi** (Os kurdos, guerrilleiros da liberdade): "...Os aghas e os fillos de bey exprimen o sangue dos traballadores, loitando ao lado con todos os pobos, loitamos contra o inimigo común: os explotadores..."

A revolta armada dos kurdos partiu da base campesiña e

a base campesiña é radical. Al-Barzani, despois da caída da República de Mahabad, exiliouse con 500 dos seus homes na URSS, onde permaneceu 11 anos. Voltando de novo a loita no Kurdistan iraquí, nunha longa guerra (1961-75) na que ía cada vez gañando, liberando máis terra kurda ao inimigo ocupante, até chegar a crear un verdadeiro país independente, ao que chegaron en marzo do 1974, ao intensificarse a guerra: 100 médicos, 111 xuristas, 300 enxeñeiros e técnicos, 600 profesores de Universidade e coléxios, 100 oficiais do exército iraquí en activo, 300 oficiais da policía, 5.000 mestres, máis de 5.000 policías, 1.000 soldados kurdos do exército iraquí, 12.000 obreiros e 10.000 estudantes... deixando familia e traballo para servir e loitar polo seu país. Mais na primavera do 1975, con o acordo entre Bagdad e Teheran, o país foi ocupado e masacrado, con milleiros de fusilados, incrementándose aínda máis a política de xenocidio e deportacións masivas e colonizacións forzosas (arabización). Hoxe hai máis dun millón de deportados kurdos que están a vivir en campos de concentración, en pésimas condicións, fora do Kurdistan, anque os meios de información nada falan disto, existe coma unha especie de pacto do silencio e de complicidade.

Numerosas manipulacións e manobras teñen exercido as grandes potencias e algúns Estados da área, que ás veces sostido

a loita dos kurdos pola sua liberación debido aos seus intereses propios conxunturais e do capitalismo, mais superada a circunstancia os teñen abandonado á sua sorte como é o caso do Iran (que axudou ós kurdos deica a sua reconciliación con Bagdad) os Estados Unidos (que así creaba dificultades a un rexime pro-soviético como é o de Bagdad) e Israel que deste xeito restaba forzas ao mundo árabe, etc...

Mais, ao cabo de tantos anos de loita, enganos e desilusións, parece que finalmente os kurdos aprenderon a lección. Al-Barzani, pouco tempo denantes de morrer, fixo unhas declaracións nas que afirmaba: "...Na URSS e nos Estados Unidos aprendín algunhas cousas, por exemplo, que ningún país ten interés en defender a outro país. A loita para liberar os kurdos ten sido aproveitada por Moscovo e Washington. Isto non debe voltar a repetirse. É mellor loitar por unhas aspiracións máis reducidas e non depender duns aliados que inevitavelmente nos traicionarán... Non queremos que nos utilicen para crear rivalidades. Somos un pobo antergo que quere a **sarbasti** (liberdade). E que aprendeu que a liberdade non nos a vai dar ningún; nen os soviéticos, nen os norteamericanos, nen os chineses. Eu xa non o verei porque a loita será longa, mais agora que temos aprendido estas leccións, que xa non nos vamos fiar de ningún,

que non vamos depender de ningunha axuda, sabemos que a loita acabará finalmente, non coa nosa vitoria, senón co recoñecemento das nosas aspiracións".

A SITUACION ATUAL: DA REPRESION XENERALIZADA O ETNOCIDIO

Agora mesmo no Kurdistan turco é prohibido e perseguido falar, escribir e escoitar a lingua kurda, así como tamén vestir ao xeito kurdo, facer concertos de música kurda. Alí, o xentilicio kurdo é tamén prohibido, aos kurdos se lles chama **anatolios do este!** e se alguén ao perguntarlle de donde é responde que é kurdo, é de seguida acusado de separatista e metido na cadea. O goberno turco leva unha política de analfabetización cos kurdos, quere dicir que se coída de que case non existan escolas no Kurdistan, porque ten medo que a cultura aínda os axude a se revoltaren máis. Así temos que un 75 por cento da xente non sabe nen ler nen escribir, á analfabeta. O país segue, como sempre, como os anos trinta baixo a lei marcial e totalmente ocupado polo exército turco, unidades de anti-guerrillas turcas, ensinadas no cuartel da CIA, no Panamá, sembran o terror, constantemente entre a poboación turca. Logo tamén actúan uns 20.000 homes armados, organizados en comandos paramilitares de extrema-dereita nos pobos e vilas kurdas matando a pracer e facendo os barbari-

dades que eles quixeren.

No Kurdistan sirio ocorre a mesma: non se lles recoñece aos kurdos os seus dereitos nacionais e culturais e son a miúdo perseguidos e atacados e tamén usan a mesma táctica das deportacións masivas a fin de conseguir que sexan minoría no seu propio país. E no Kurdistan iraníano xa vemos agora, envolto todo el nunha guerra total de guerrilla. Agora toda a poboación de Mahabad, cidade histórica e capital do Kurdistan, tivo que ser evacuado polos seus habitantes e peshmergas que foran para as montañas.

O KURDISTAN: UN DOS PAISES MAIS RICOS DO MUNDO, UN DOS PAISES MAIS SUBDESENVOLVIDOS DO MUNDO.

O Kurdistan é un dos países máis ricos do mundo pois da sua terra vella e torturada sai un 74 por cento do petróleo do Irá, un 50 por cento do petróleo do Irán e o 100 por cento do petróleo de Siria e Turquía. E ao lado mesmo dos campos petrolíferos atópanse as casas miseráveis dos campesiños kurdos sen luz eléctrica, nen auga corrente, nen escolas, nen carreteras nen hospitais en rexións inteiras...

Mais o Kurdistan é tamén unha nación de xente valente e amante da liberdade, rica, moi rica e coraxosa na firme vontade de ser e de loitar pola soberanía do seu país e en contra do imperialismo.

Ricard Vargas-Golarons.

CROQUIS DAS ORGANIZATIONS E PARTIDOS POLITICOS KURDOS (1908-1979)

Ano de creación	Partido ou organización	Ideoloxía	Estado
1908	KURDISTAN TAALI DJEMIETI (Asociación para o desenvolvemento do Kurdistan) Club Kurdo de Istanbul dirixido por Abdel Kader.	Conservadora	Turquia
1920	Escitación do Club Kurdo de Istanbul en: LIGA SOCIAL KURDA, de Ali Khan LIGA DOS KURDOS E DO KURDISTAN, presidida por Abdel Kader	Conservadora-liberal	Turquia
1920	Existen tres correntes no seo do movemento nacionalista Kurdo: TURCO-KURDA, panislámica AUTONOMISTA, de Abdel Kader INDEPENDENTISTA, do Emir Ali Khan	Conservadora-liberal	Turquia
1927	Unificación das organizacións kurdas: KURDISTAN TAALI KURDISTAN TECHKILAT KURD MILLET COMITE DA INDEPENDENCIA	na	KHOYBUN (Independencia) Turquia
1937	BRAYATI (Fraternidade)	Organización puramente de notaveis e burgueses nacionalistas	Iraq
1939	DARKER, que ten como portavoz a AZADI KURD (A liberdade Kurda)	Organización de intelectuais mozos e traballadores kurdos, marcadamente progresista e anti-imperialista.	Iraq
1941	HEWA (Esperanza)	Agrupar todos os militantes da esquerda, obreiros, campesiños, intelectuais... cunha ala esquerda francamente comunista.	Iraq
1945	A anterior organización divídese: CHORECH (A Revolución) RIZGARI (A Liberación) AZADI (A Liberdade)	Ten 500 membros. É practicamente o Partido Comunista do Kurdistan. Ten 6.000 membros. Organización de Frente Popular que formará o núcleo do futuro P.D.K.	Iraq
1946	P.D.K. (Partido Democrático Kurdo)	Partido antimperialista e progresista que ten ido radicalizándose hastra converterse nun partido socialista de liberación nacional de grande implantación, maioritario entre os kurdos, lider Barzani.	Iraq, Iran Siria, Turq
1964	Rompimento do PDK dirixido por Ibrahim Ahmed, con Barzani, despois recoñecería o primeiro o ser erro.		
1969	Escitación do PDK (de Turquía) que se fusiona co o PARTIDA DEMOKRAT E KURDISTAN E KURDISTAN E TURQUIA (Partido de liberación dos kurdos de Turquía) e con KOMALA AZADI (Asociación pola Liberdade)		Turquia
1976	Escitación do PDK en dúas tendencias: PDK (preparativo), hostil a Barzani, situado mais a sua esquerda, e o PDK (provisorio), onde se agrupan os partidos de Barzani.		Iraq
1977	Unificación de: MOVIMIENTO SOCIALISTA DO KURDISTAN de Ali Askari (socialista) COMITE MARXISTA-LENINISTA DO KURDISTAN (comunista) LINEA XERAL (democrático-liberal)	na	UNION PATRIOTICA DO KURDISTAN, de Jalal Talabani (5.000 membros).

Actualidade: Hexemonía do PDK e aparicións de novas organizacións revolucionarias. Na Europa os emigrantes agrúpanse en: BAHUZ (Tempestade) e HEWRA (Unión), sobor de todo na Alemaña, onde hai 100.000 obreiros kurdos.

IRAN NON NEGOCIA



Aos retens USA secuestrados na embaixada americana en Irán, acusados de espías, que viñeron agravar a situación de crise entre os dous países súmase o corte no suministro de petróleo iraní as compañías americanas.

Nefeuto, o goberno iraní, segundo maior exportador de petróleo, cortou o fornecemento deste combustible as compañías multinacionaes norteamericanas en todo o mundo.

Ao tempo, Irán ofrécelle a Xapón a posibilidade de que este país pase a mercar o petróleo a preçios de mercado libre. A este respecto, as autoridades xaponesas amosan a sua preocupación polo feito de que os Estados Unidos deixen de ter acceso ao petróleo iraní xa que é a través desas multinacionaes como gran parte do combustible chega ao Xapón.

Por outra banda, e por outras razóns, Iraq estuda a posibilidade de cortar tamén o fornecemento de petróleo a compañías norteamericanas que revenden a Israel.

Mentras, USA pide a solidariedade dos seus amigos e "protexidos" nesta grave cuestión, e toma como decisión a conxelación dos fondos bancários iraníes o que provoca que algúns países árabes reexaminen a situación dos seus petrodólares depositados en bancos americanos. E o Citybank retira fondos conxelados para pagar o que di ser deudas de Irán naquel banco.

Da sua banda, o ayatollah Khomeini, quere recuperar os seis billóns de dolares que o Sha levou consigo cando saliu do país e acusa ao goberno norteamericano e os seus componentes de "bando de criminais e ladróns".

CON CASTROVIEJO

en defensa da Galicia natural

José María Castroviejo, autor de varias obras, como "Viajes por montes y chimeneas de Galicia", está considerado como un dos mellores escritores sóbor de temas cinxéticos da nosa terra nos derradeiros tempos. Na conversa que mantivemos con el falounos da consternación que están a sufrir cazadores, pescadores e ecoloxistas pola degradación do noso medio ambiente.

Don José María, vostede que sempre foi coñecedor e amante da natureza ¿qué opina do futuro dos Ancares, agora que se fala de que algunha urbanizadora quere especular con aquela zona?

Mire, eu vexo o futuro do medio natural galego con tristeza, pois vivimos nun tempo no que manda o diñeiro. Os Ancares se Díos non o remedia, acabanse convertindo nun centro de turismo, perdendo o que tiña de sinxelo, de encantador. Unha cousa é que se fagan camiños, etc., e outra que se precipite todo e se convirta unha estación de turismo máis e que se acabe con aquilo. Cada vez que miro como se esta escangallando todo caeseme a alma aos pes. Eu vexo ben os avances sociais e todo o que se faga en ben do pobo, pero Galicia debe conservar a súa paisaxe e a súa beleza que se está perdendo, e en soma perdemos o noso ser. O turismo é unha invención diabólica que enche todo de porquería, acostumando á xente mal; hai urbanizacións espantosas que acaban coa alma de Galicia. Eu non son partidario das ditaduras, pero si sería partidario dunha ditadura urbanística e arquitectónica porque non se destruíse a paisaxe en nome e beneficio dunha urbanizadora. Estas xentes, como outras que tamén hai, non teñen sanción nengunha ou como moito son sancións simbólicas, pero logo recorren e todo queda en nada. Isto é un verdadeiro ultraxe para Galicia.

¿E que opina da repoboación forestal?

É un disparate en canto á nosa ecoloxía; se olvidan ás especies nobres e non o digo por estética, pois aí está Brasil que nos compra todas as castañas que se lle manden e a bon preço. Para min os eucaliptos constituín un atentado, secan as fontes, non repoboan a terra, debaixo non medra nada. Eu, pese aos meus anos

cazo porén e cando estou no monte, penso naqueles carballos e castiñeiros que non se ven hoxe e dame unha tisteza tremenda. Recordo as barbaridades que quixeron facerse en Ancares, que eu denuncié nunha conferencia que din na Escuela Superior de Montes: subindo cara onde fan a festa anual, frente a Cabana Vella, había unha extensión de carballos que se queimaron e espontaneamente apareceu unha repoboación natural preciosa. Ali nunca houbo piñeiros, pois a partir de 1.300 m. de altura non se dan; pois ao cabo de dous meses chegaron unhas brigadas de Lugo a plantar piñeiros, que lles costaba plantar cada un unha cousa disparatada, pois ali non encontraban xente para traballar, e hai que ver o que lles costaba levar a dormir á xente cada día a Lugo en camiños, e traelos pola mañán, e logo pagarlles, claro, e primeiro arrancaron as cepas dos carballos e logo puxeron os piñeiros, e cando chegou o inverno ca neve e co frío foise a repoboación abaixo. Xa me dirán.

De cara á preservación de certos lugares como refuxios faunísticos, vostede que coñece ben a nosa xeografía. ¿Cales escolle-ría?

Pois hai algúns como Baldaio que foi moi bon, e logo está a desembocadura do Miño, tamén o fondo da ría de Vigo, ali se tirotea aos patos con lanchas a motor, que como saben está prohibido, é unha zona magnífica. Logo había sitios que se desecaron e foi unha desfeita tremenda, como a Antela onde o IRYDA gastou centos de millóns, e agora falan de volve-lo a como estaba, porque non lles serve para os fins que pretendían; igual pasou en Cospeito, que tamén o estragaron. Por Fonsagrada hai xabalí e corzo e podíase facer unha reserva... Galicia ten posibilidades grandes, aínda que desgraciadamente hoxe non se cuida isto, fanse repoboacións ficticias, non con especies propias como fai uns anos cando se botaron os colíns, contra a opinión contraria do meu fillo Javier e foi un fracaso, e logo está a contaminación que cae sobre ríos e mares; non hai control cos insecticidas, este é un país de bárbaros, o DDT

pódese comprar que nolo venden os americanos, cando eles non o usan, e o máis triste é que as autoridades o defenden porque hai o de sempre, intereses turbios polo medio, e aquí mentras non haxa un sentido da responsabilidade nas alturas (porque ou son parvos ou pintan o parvo) e non se acaba ca ignorancia por parte da xente, non conseguimos nada.

Falando do polémico tema do lobo ¿cre que debe desaparecer de Galicia?

Ultimamente déronse aquí unhas batidas e se mataron seis ou sete, incluíndo dúas lobas as que se lle colleron as camadas. Claro, si se lle dan estas batidas, acaba desaparecendo, e nengunha especie debe desaparecer por completo, e ademais débese indemnizar á xente, aínda que é moi difícil. No que se debe insistir é no emprego dos venenos; eu farteime de falar con Borregón que é amigo meu e el me dixo: "Eu estou desesperado con isto porque xa mandei varias prohibicións, e non sei, porque faise de forma ilegal... "O veneno é un puro disparate, e hai unhas pastillas que se despachan sen receta nen nada nas droguerías, e teñen efecto como se fose estricnina e co pretexto de certas plagas as compran, por exemplo eu sei o caso concreto de Lalín, e logo se empregan para envenenar. Estamos nunha irresponsabilidade supina.


¿E cre vostede que con isto das autonomías conseguírase en Galicia unha planificación boa no aspecto conservacionista e de respecto cara o medio natural?

Son exéptico, como din os portugueses, "até que o mire, non acredito". Hai moita xente ligada ao alto capital, moitos virán co pretexto de axudar a Galicia. Non me atrevo a poñer a man por ninguén.

Dise que moitos cazadores non son tais, senón matarifes, ¿como armoniza a caza co respecto á natureza?

O cazador verdadeiro nunca foi matador. O ser cazador é sobre todo ter un contacto coa natureza; caza cada vez hai menos e hai que ser responsable. Cazar é problemático hoxe, pero a caza é o motor da ilusión para poder sair, para poder estar coa natureza.

AXUNTAMENTO E FUTBOL SALA



A polémica encetada, días atrás, entre a Federación coruñesa de Baloncesto e a Asociación Coruñesa de Fútbol Sala, trae a primeiro plano a falta de instalacións e a dificultade de facer deporte por parte das clases populares.

O conflito non está, como quería centralo o señor Juan Domingo Pujol, presidente da F.C.B., en estar federado ou non, nen da menor ou maior idade dos practicantes; senón de sa cásese exclusividade de uso por parte da A.C.F.S. E necesario que as persoas maduras practiquen o deporte, o fútbol sala se así o queren, pero os rapaces tamén teñen dereito a formación deportiva.

A Corporación Municipal da Coruña arrendou o uso do Pazo dos Deportes sen contar con que tamén hai outros coruñeses con dereito a súa utilización. Fixo, secadra, pensando no beneficio económico, ou, como apuntan outros, mediatizados polo peso dos que compoñen a Asociación Coruñesa de Fútbol Sala.

Fose polo que fose, o caso é que diante da rifa aberta, o Concello, que era quen debía poñer as cousas no seu sitio e explicarlles aos contribuintes cal fora o criterio que se seguira para ese arrendamento e cal era a verdadeira situación, non abriu a boca.

Detrás desta situación está a carencia de instalacións deporti-

vas e a súa desaxitada utilización. Unhas veces porque buscan o lucro e outras por desidia. Vexamos algúns dos precios que teñen que pagar os deportistas coruñeses por facer uso dalgunha das instalacións municipais.

Vinte e unha pesetas a hora por facer xinásia na pista do Pazo dos Deportes. Cuarenta pesetas h. na pista de cinza do E. de Riazor (case nunca hai auga quente). Cincuenta pesetas h. na piscina cuberta (auga quente). Trescentas pesetas por unha hora e media na pista polideportiva de cemento por xogar ao fútbol sala. Duascentas cinco pesetas de día e duascenas cincuenta e cinco de noite por xogar ao tenis na Polideportiva de parquet (Non hai auga quente). Trescentas setenta e cinco por xogar ao tenis no Pazo dos Deportes.

Rixen estes prezos a horas normais e sempre que non stexan comprometidas por competicións ou usadas por arrendatarios. Tamén hai gran dificultade para conseguir sitio nas horas acesíbeis para estudantes e traballadores, si como que nas horas que algunha federación ten arrendada para o seu uso, dase o caso de ter que pagar mesmo os deportistas federados nese deporte, caso dos judokas.


A Corporación debe tomar medidas para que todo cidadán teña acceso ao deporte; que non samente de urba nismo vive o home.

PUCHEIRO

cambeou o noso teléfono.



anote o novo número



235400

GRACIAS

CARBALLO P. OURENSE
RUBRICIDADE
AV. HABANA 30-2º



non lle é conta...



RESTAURANTE
VERACRUZ

ESPECIALIDADE EN MARISCOS DA RIA, COCIÑA GALEGA E OS MILLORES VIÑOS DO PAIS... (E ESTO DOS VIÑOS SI QUE NON E CONTO...)

Julio Rodríguez Soto, 24
Telf.: 271251 - CARBALLIÑO

X
Keito
PONTEVEDRA
SOPORTAIS DA FERRERIA, 4

Diferentes estudos feitos en pacientes que repetiron mais dunha vez a interrupción do embarazo, puxose en evidencia a constatación de perturbacións e traumatismos afectivos durante a súa infancia así como conflitos familiares, maduración psicosexual deficiente, ademais da persistencia do "deseño de embarazo".

ABORTO E SEXUALIDADE (e III)

Por CIPRIANO LUIS JIMENEZ CASAS

Ilustración: XULIO MASIDE

Si os estudos demográficos, psicolóxicos e médico-legais aportan toda unha serie de datos importantes sobre o aborto parecen fundamental acudir a "psicología do inconsciente" si de algunha maneira queremos profundizar e progresar no análisis deste problema. As técnicas de estudo aínda insuficientes consisten principalmente en estadísticas recollidas a nivel colectivo en grupos considerables de individuos pero de maneira superficial e datos por outra banda a nivel do que supón un análisis individual, sempre difíciles de comparar entre eles.

Non embargantes, os traballos a nivel da experiencia psicoanalítica, aportan toda unha serie de argumentos que apoiarian a tesis de que un "embarazo non desexado" non é pra considerar como un feito accidental, senon que estaría determinado por unha longa secuencia de acontecementos ansioxenos e de inseguridades en individuos con unhas características persoais moi específicas (suxetos cun narcisismo fraxil); non sendo un fenómeno actual senon co futuro psicolóxico e psicosexual da interesada e da súa descendencia estarían en xogo; e que a aptitude da parella ou persoa que conviva co a muller que ten estas dificultades debe tomarse en consideración.

Diferentes estudos feitos en pacientes que repetiron mais dunha vez a interrupción do embarazo, puxose en evidencia a constatación de perturbacións e traumatismos afectivos durante a súa infancia así como conflitos familiares, maduración psicosexual deficiente, ademais da persistencia do "deseño de embarazo".

Outros datos revelaron nas persoas estudadas, non soio situacións conflictivas no seu pasado senon tamen da súa vida máis recente tales como: divorcios, conflitos sentimentais, separacións familiares, etc.

Estos exemplos sensibilizan a tratar de conquistar unha metodoloxía de examen, cando menos, no caso dunha



demanda de "interrupción do embarazo" que se fai máis ou menos sistematicamente nos países onde a interrupción do embarazo está legalizada, dito examen ou estudio comprende por regra xeral unha información suficiente tanto da historia familiar como individual da paciente: saúde somática, condicións afectivas, escolaridade, vida profesional, vida sentimental, vida sexual, con vistas a facer unha avaliación non soio da situación actual senon de situar a estrutura da personalidade e en consecuencia o propio futuro da interesada no caso de embarazo e de maternidade ilexítima ou o contrario de interrupción (en certos casos é importante a posibilidade de adopción do neno o seu nacemento como plantexamento).

Os casos de xovenes solteiras, sobre todo si son menores, necesitan lóxicamente unha atención especial. Outra situación particular plantexase co as mulleres de cuarenta anos ou máis, nas que pode acontecer p. ex. un estado de saúde delicado risco aumentado de posibles malformacións do neno, entry outras.

Un estudio, pois das motivacións inconscientes do deseño de embarazo e do deseño dun neno, plantexalle a muller unha moi singular "ambivalencia", sendo válido o feito de que "todos os embarazos son ambivalentes".

A espera gozosa dun pequeno está en relación cun certo equilibrio dos sentimentos ou afectos inconscientes contradictorios.

Pra rematar diremos que a realidade no Estado Español e a seguinte: Trescentas mil mulleres, cifra mínima abortan cada ano. Aquelas mulleres que teñen máis posibilidades ou medios fano en clínicas principalmente inglesas ou francesas. Frenta este feito real a postur oficial aínda e de que o aborto seña un delito. Penso que esta conclusión fala por si sola.

da terra asoballada

MESÓN CORUÑA

UN RINCON ESPAÑOL EN LONDRES
127 CHARING CROSS ROAD
LONDON WC. 2.
TELEFONOS:
01-7340242 - 01-7340440 y 01-7340245



Vilaríño un coruñés universal

Desde octubre
con la Gran Orquesta
Gallega

CENIZA

Con melodías gallegas
y música española
en general.

PRECIOS NORMALES
COMIDA DESDE 3 libras
¡Pida el Gran CHULETON!

Todos los días de 7 a 3 de la madrugada y música
hasta las 4 de la madrugada

¡SE HABLA ESPAÑOL!

SE HABLA INGLES, (si hace falta)

FALASE GALEGO!!!

El Mesón CORUÑA, restaurante y Sala de fiestas en
donde se dan cita españoles de todo el mundo

¡¡¡BIENVENIDO!!!

Propietarios:

Mr. and Mrs. J.S.-J. Vilaríño

Velaí vos mando duas mostras
do que os galegos temos de
acabar facendo na emigración.

Por desgracia, tampouco os que nos vemos na obriga de vivir fora da patria somos todos nacionalistas, senón unha pequena minoría. E a maioría dos negocios, maiormente bares, que están montados por galegos por aí adiante, dá a impresión deste mesmo: dun gaitero tentando tocar o "Porompompero".

Penso que o sitio máis axeitado para isto é o de "Da Terra Asoballada". E penso por dúas cousas. A primeira, polo que a simboloxía e a mesma maneira de expresarse e o que se di nos anuncios xa craramente demostran. E a segunda, porque, ao fin e ao cabo, todo isto é produto da emigración, e ¿hai mostra máis crara do noso asoballamento que ésta?

Saúdos nacionalistas.

F.P.L.
London

Restaurante Español Bar Tapas "O'Saco"



Prins Hendrikkade 53
Nieuwebrugsteeg 3
Amsterdam - Hollande
Tel: 020-240263

da arte e dos xeitos

Por FELIPE SENEN

A FIGURA DO GALO NA ARTE GALEGA

Hai animais que nun tempo foron símbolos de limpeza, de fartura e de fecundidade, velaí o cervo dos petroglifos, da lírica galaico-portuguesa, de toda a mitoloxía popular que aínda subsiste nas aldeas da montaña: A cerva branca como a princesa belida enmeigada. Pero a figura do cervo desapareceu da arte e dos artistas, fuxiu ao tempo que a súa silueta abandonou os montes e as fontaiñas limpas de Galicia.

Non pasou así co galo. O seu nome ten xa algo que ver con Galicia e con outros moitos topónimos dos pobos do occidente atlántico, coas nacións chamadas "Celtas". O galo aparece representado nas pinturas de estilo romano de Santa Eulalia de Bóveda, xunto cun

variado poleiro que reúne as castes máis variadas de aves e cicais a súa figura aparece tamén nalgúns pezas da orfebraría pre-histórica europea. Temos o galo nas formas dos botixos de barro, na cerámica popular galega repetíndose sen tanta insistencia desde Salamanca, Puente del Arzobispo deica Córdoba, Palma del Río... Pero o galo onde máis se vai reproducir será nas áreas do Noroeste, aquí témolo como en Gretaña, mesmo na beira dos cruceiros, lembrando as tres veces que Pedro negou a Xesús. O galo está nas tradicións e tamén nas laperas da Noiteboa e da festa maior. E ese mesmo galo que empulincado enriba dunha pia deixa dar as horas, erguendo a súa crista roxa y deixando caer en espiral as plumas. O galo engalanase para pregoar as primeiras raioladas do sol. Alborada e galo teñen moito



que ver en moitas culturas e moito máis nos lugares polos que se pon o sol, nos fisterres célticos.

Temos que coñecer aquela vella lenda portuguesa que diu pé ás representacións do galo de Barcelos, ese galiño que é xa máis que unha enseña e que no seu plumeiro e na súa crista enchese de pinceladas de cor, peza de barro que seica ten a súa orixe nun milagreiro feito que aconteceu en Barcelinhos, no mesmo lugar no que hoxe se ergue un pedrón no que se representa ao aforcado, enriba del o galo, encima a cruz. Aquel era o primitivo asentamento dunha Forca na que ia ser condenado un galego. Denantes diremos que no Norte de Portugal chamanlle galegos aos viciños de San Martiño de galegos, lugar de

traballo dos mellores artistas do barro, os grandes creadores dos galos máis variados e ricos da cerámica popular: Rosa Raimalho, Rosa Cota, Misterio, Ana Baraça... Pois o galego fartabase de repetir que el era inocente e que isto veríase no momento de o aforcar no que se escoitaba cantar un galo. A xente agardaba o milagre, pasaronlle a corda e... e no momento quedou pendurado fora toda lei de gravidade sen lle chiscar a corda no pescozo.

O mesmo que nas negacións de Pedro o galo aparece aquí como elemento premonitor o que vai agoirar a inocencia do condenado. Ao fin e ao cabo o galo sempre é sinónimo enseña do agoiro, do que pregoa o menceir dun novo día que na alborada vai enganando ás tebras da noite.

andando a terra

M. HORTAS VILANOVA

UN GRUPO DE GAITEIROS

Afortunadamente está rexurdindo, con moita forza, o noso instrumento nacional musical: a gaita galega, que nos derradeiros cuarenta anos escuro estivo moi discriminada e menospreciada. A gaita é un complemento da voz humana, á que incluso supera en moitos aspectos. Pro a gaita é, sobor de todo e antes que nada, a voz da nosa paisaxe feita música fonda, necesaria, insustituíble.

Hai anos que en Galicia non disfrutamos dun Outono tan delicioso como o deste ano. Tiven a sorte de viaxar bastante pola nosa terra, e os meus ollos mortales e caducos non se cansaban de contemplar tanta beleza, tanta e tan increíble fermosura. O sol era tépedo e o seu marelo poderoso e desmaiado agarimaba ó mundo cunha inmensa e fonda tenrura. As árbores, os arbustos e as vides eran nubes de moitas e moi variadas cónes. As follas negábanse a caer. As lonxanías eran dun azul purísimo. As nubes brancas subaban un ceo limpo case mourado. Os raios do sol facían estranos; efexos nas au-

gas e verdosas dos ríos. Esta contemplación devota da paisaxe —que boa falla nos fai a todos— completeina a Compostela coa visita ás esposicións antolóxicas de Colmeiro, que me comoveron e deslumbraron, e escoitando o "long play" "Antoloxía da Gaita" grabado polo grupo "Toxos e Xestas" de Barcelona. Sei que o poeta López Abente, nos anos vintetantos, publicou, na Editorial "Ronsel" de Lugo, un libro de sonetos titulado "De Outono". E a única obra que non teño, nin tan siquer coñozo, deste poeta. Temme sorprendido como o tema do Outono non aparece con máis insistencia na poesía galega.

No grupo "Toxos e Xestas" teño a varios amigos. En primeiro lugar referireime ó seu promotor Xosé Lois Foxo e a súa compañeira Conchiña, que son de Romeor do Caurel, e oxe emigrados en Barcelona. O gaitero máis pequeno do grupo — e tamén o máis novo — é o Antón, aínda Antonciño, fillo de monfortino e paramesa.



"Toxos e Xestas" naceu en Lugo. A vida e a situación colonial do noso povo obrigouno a emigrare pra Barcelona. E alí vive. As ondas quedan do Mar Latino sentiron unha melancolía agridoce ó escoitar a gaita.

Xosé Lois Foxo é un dos homes que oxe mellor coñece o noso instrumento nacional. E autor dun "Método de gaita" inesplicablemente inédito. Fixo algunhas innovacións técnicas realmente prácticas. Ademais, é un dos poucos compositores que coñozo de pezas pra gaita. De ter en Galicia unha "Escola Nacional de Gaiteros", como sería o lóxico, o normal, e o natural, Xospe Lois Foxo, por méritos propios, tiña que ser o seu director.

Neste disco, "Antoloxía da Gaita-I", hai varias adaptacións de Pascual Veiga, do mestre Castiñeira e de tonadas populares. Con todo, o que priva son composicións orixinais do propio Xosé Lois Foxo, que teñen unhas novidades técnicas cuio comentario e estudo deixo prós entendidos, máis que están na liña da nosa música da nosa música tradicional e popular. Con esto quero decir que é música galega. E música galega de oxe, feita e interpretada cunha sensibilidade dos nosos días.

Non é nada estrano nin casual que un dos mellores grupos de

gaiteros da nosa nación esteña no estranxeiro. Isto dice dabondo da nosa situación social e cultural, tan íntimamente ligados. O máis tristeiro de todo é que a moita xente esta situación semellalle normal ou non lle preocupa.

Neste Outono galego, logrado coma unha colleita abundosa, coma un don maravilloso, as composicións de Xosé Lois Foxo, principalmente as muiñeiras do Caurel e de Montefurado, fixéronme unha entrañable e fonda compañía. Foron pra min a voz de tanto ouro, de tanto cobre, de tanto licor — "Outono, delicado licor", deixou escrito Luís Pimentel —, de tanta luz pura que este ano nos trouxo o Outono. Soidos de gaita que sentín dun xeito moi especial ó saber que foron tocados na emigración. Nesa Santa Compañía de vivos que é a Galicia emigrante, na que non se escoitan cantar os carros. Porque este servidor, meus amigos, este vello servidor aínda sentiu cantar un que outro carro no fondo misterio das nosas co-redoiras.

arredor de nós

POR CHAIRA

A VOLTAS CO LOBO

Forte e nervoso, coa testa e o fuciño alongados, o pelo longo no inverno e curto no vran, para algúns é como un can máis ou menos grande e de cola máis ben curta.

De actividade nocturna, vive en solitario, emparellado, ou mesmo anda en grupos para cazaren, poidéndose atopar no monte, nas serras dos Ancares, Courel, Invernadeiro, Xurés, Barbanza..., hoxe aquí mañán acolá, pois hai que ter en conta que nunha noite se pode desplazar do orde dos 60 kilómetros, e que os seus recorridos normais van dos 15 os 30 kilómetros. Achámolo nas zonas onde hai gado en liberdade, onde hai caza maior,

en zonas de granxas e por tanto abundantes en lixo, etc., nos bosques, nas zonas de monte baixo, e moitas veces de paso.

Na primavera, nun tobo preparado por eles ou nun recanto, pare de tres a oito crías, depois duns sesenta e catro días de xestación; pasado un tempo, estas crías xa escomezan a acompañar aos seus pais aínda que sen se alonxaren moito da zona onde naceron.

Ecolóxicamente falando, é un depredador, aínda que hoxe en día anda ao lixo constituindo unha grande parte da súa alimentación, pois moitas veces lévalle menos choio fartarse a comer os restos de comida ou das granxas



que andar a cazar. Nas zonas onde hai gado solto decote, pode ser unha presa doada, aínda que máis correntemente poda andar aos coellos, galiñas, raposos, e mesmo aos cans vagamundos. Hai que ter en conta que é un animal que contribuí moitas veces ao control das poboacións positivamente, polo feito de preda sobor dos compoñentes máis febles ou enfermos cunha poboación.

De sempre se falou moito del, habendo historias dabondo, contándose moitas de aparicións e persecucións, pero non sempre é así pois teñen un costume que demostra a súa intelixencia, xa que ao sentiren un home (para o

lobo o home é o perigo, e non somentes á inversa) preto del, en lugar de fuxir anda a ollalo ou escoitalo de perto; deste xeito, a miúdo, o perseguidor pasa a ser o perseguido.

Contan dun lobo que fixera irmandade cun can, comprometéndose este a ensinarlle ao lobo a ventar, en troques o outro ensináralle a rastrexar. O can tiñalle moito medo ao lobo, e amañouse para ser o primeiro en aprender, e despois de estar xa afeito a rastrexar fuxiu; é por isto polo que o can venta de lonxe e rastrexar, namentras o lobo segue sen ventar, polo que para cazar ten que dar co rastro para se achegar á presa... Non sei eu quen ventará máis...

LIBROS

Josep Goñi, José M. Rodríguez. EUSKADI, LA PAZ ES POSIBLE. 100 personas del estado español y frances analizan las causas de la violencia y presentan soluciones. Bilbao, Desclée de Brouwer. 197.

LA PAZ ES POSIBLE

Coa dedicatória "A todos os pobos oprimidos... mañán, libres, solidarios e irmáns" abre esta obra de 100 persoas que opinan sóbora do País Vasco. Completanse así neste volumen as entrevistas publicadas en varios números da revista cristiana Herria 2000. Os autores antepuxeron as claves de interpretación e dan igualmente unha síntese das opinións contidas na obra.

O problema da violencia é maioritario no tratamento dos entrevistados. "Mentras uns poñen o acento na violencia étnica (pasada e presente), outros poñen na violencia política (sobre todo pasada). Obsérvase, din os prologuistas, que o cuestionario non alude máis que a "violencia", "violencia institucional", "violencia revolucionaria", "violencia política"... pero non a "violencia étnica" ou "violencia política". Son as respostas as que se refiren á violencia institucional, concebíndoa como "étnica" ou simplemente "política".

Elixidos 22 en representación de Euskadi, 22 dos Pobos (Cataluña e Galicia) e 21 do Estado (español e francés) os autores tabularon os resultados sobre violencia étnica, política e revolucionaria evidenciando como é moi superior a conciencia sobre os aspectos étnicos e revolucionarios nos Pobos e en Euskadi que no Estado.

Desde Galicia responderon Andrés Torres, Xosé Chao e Francisco Carballo.

Torres di: "Opino que a reflexión política, ética e relixiosa dos vascos debería centrarse moi profundamente sobre este proceso, provocando, a ser posible, un diálogo público e un movemento de opinión arredor del." (p.354).

Chao: "Referente á valoración concreta do que se fai, escapásemo un tanto polo descoñecemento do terreno. Coido que se ten conseguido moitísimo e que os partidos abertzales teñen clara conciencia da situación e poden conseguir unha ponte coa esquerda revolucionaria máis radicalizada. Pero, queda a ameaza do capitalismo. Sería de parvos botarlle toda a culpa ao finado Sr. Bahamonde, bibliografía de que non está probada a omnipotencia... Considero, pois, moi importante iniciávas como a do diálogo que me proporciona o presente cuestionario" (p. 123). E por fin, eu escribía:

"O pobo vasco está a dar unha proba da fortaleza na forma infatigábel de si mesmo, precisa da solidariedade das nacións asoballadas e do mundo libre. A súa loita é unha fonte de esperanza" (p. 96).

Seuramente que un libro deste estilo non esgota a análise da complexa situación de Euskadi, pero senta a mesa dun diálogo a seguir a autores e lectores.

FRANCISCO CARBALLO.

	Solución étnica hoxe	Política	Revolucionaria
Estado	2	15	3
Pobos	10	18	15
Euskadi	18	21	19

MANUEL MARIA: "AS RUAS DO VENTO CEIBE"

Ao longo do mes pasado e máis deste, presentouse en varias cidades e vilas da nosa nación o libro de Manuel María As ruas do vento ceibe (1), en edición patrocinada pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG). O libro que, por diferentes vicisitudes, non puido sair para o Día das Letras Galegas deste ano, viu a luz de todas maneiras antes do comezo do curso escolar, detalle importante xa que se trata dun libro para nenos.

O Manuel María, cunha traxectoria poética tan longa como consecuente, non se estrena con este libro na literatura infantil, xa que este volume continúa aqueles Soños na gaiola que o autor escribiera no ano 70 e que tan utilizado fora por mestres e rapaces; proba disto foron as tres edicións que xa se leván feitas del. Os soños na gaiola eran a tradución poética dun neno rural do noso país, auténtica até o punto de conseguir a identificación plena cos seus versos de moitos nenos e nenas galegos que tamén vian o mundo seu polos mesmos ollos do Manuel María.

Con As ruas do vento ceibe, o autor quer ampliar esta visión, incorporando determinados elementos que o neno pode asociar ao mundo urbano (o semáforo, o suburbio, o automóvel, os xigantes e cabezudos, as máquinas mecánicas...) e, ao mesmo tempo, contarlles o que é e o que foi Galicia a través de dous eixos: os feitos máis importantes da nosa historia, escolleitos polo que significaron na creación da nosa conciencia colectiva, e o que somos hoxe, a través tamén de diferentes símbolos: a fala, a bandeira, o Día da Patria Galega, etc. Estes son os poemas que se corresponden, respectivamente, cos epígrafos OS HEROES e A PATRIA. A CIDADE e A NATUREZA E AS COUSAS completan este cuadro poético, para nenos e máis para maiores,

que é todo un acerto no contido e na forma.

A personalidade literaria do Manuel María ten unha executória o suficientemente fecunda e importante como para escusar comentarios proliferos sobre a súa obra. E, así e todo, é preciso lembrar que o poeta ten unha continuada produción (poesía e teatro, fundamentalmente) que se remonta xa a anos cincuenta, que é dos autores nacionais máis traducidos a outros idiomas e, a maior abertamente, que non é autor dun único rexisto temático ou estilístico senón que a súa poesía calcou teolas moi diferentes e sempre desde idéntica autenticidade. Isto cremos que convén recordalo aos que durante estes últimos anos silenciaron, ignoraron ou marxinaron a súa obra, tal vez por coidaren que o escritor debe estar por riba do ben e do mal, isto é, fóra do seu país e dos seus problemas e, xa que logo, fóra das distintas opcións políticas en xogo... O Manuel María non responde evidentemente a este esquema: el entende que a súa literatura non é independente da súa situación como cidadán dunha nación oprimida. Desta constatación e desta responsabilidade nace a súa poesía.

As ruas do vento ceibe é —xa nolo di o autor— un libro didáctico. Este didactismo está plenamente xustificado nas intencións do libro: tamén os nenos —e ademais con moitas menos defensas que os adultos— están sometidos ao proceso de aculturación española e colonizadora; a este "lavado de cerebro" o noso autor opón unha moi outra instalación: a instalación dos nenos e nenas galegas na súa nación, nas súas realidades, na súa historia.

Non máis que plácemes pode recibir, pois, esta obra, que, de por parte, comentamos cando é xa libro coñecido de moitos mestres e rapaces. Aproveitamos a ocasión para recomendalo como motivo, como "texto-pretexito" para os mestres explicáren aos seus alumnos a nosa lingua, o noso entorno e, mesmo, a nosa historia. Os diferentes poemas

—cincuenta en total— do libro son outras tantas suxerencias neste sentido. Non son alleas ao seu atractivo tampouco as ilustracións que fixo para os poemas o dibuxante e pintor Perfecto Estévez, que compelementa perfectamente o texto.

E xa, finalmente, fagamos noso o

desexo do autor, dirixido a todos os nenos galegos: "alcender en vós —que sodes o porvir— a chama dunha esperanza pra que fagades a Galicia do futuro: unha Galicia ceibe e popular".

A SUBELA

(1) Manuel María. As ruas do vento ceibe. Edicións Xistral, Setembro 79.

PUBLICACIONES



A nosa política é avanzada cara á mellor produción da democracia, ligazón e afluencia total do pobo ao lugar do poder. No teatro municipal ignoramos fogar que os nenos do teatro teñen realmente democracia (transporte, sal, árabe, efectos...) e que se abran á participación das organizacións cidadáns (SUA-V, Comités vecinales, etc.) nas distintas comisións de traballo.

O Santiago máis desenvolvido que temos xa como cidade de Santiago de España e nosa política municipal, lo que nos dá un futuro máis transparente. O que non se dá a nosa política é a nosa democracia no Boletín Oficial do Ayuntamiento que os cidadáns (vecinos) que amosa xa e en a nosa política.

AXENDA

CINE

"PAJARRACOS Y PAJARITOS", de Pier Paolo Pasolini. No Cine Quiroga, ás 10,30 da noite. Cine-Club Marin.

NOSFERATU, de Werner Herzog. No Salón-Teatro. Santiago.

MOSTRAS

XOSE CID. Esculturas. Até o día



26. Museo Arqueolóxico de Ourense. XOSÉ FERNÁNDEZ. Pinturas. Na Aula da Cultura da Caisa de Aforros. Santiago.

ACTOS

CRECIMENTO E DETERIORO URBANO NA CIDADE DE VIGO. Conferencia por Xosé Lois Pereiro Alonso, arquitecto municipal de Vi-

go, 28 de santos ás 8 do serán. Dentro do ciclo que sobre urbanismo cidadán organiza a Agrupación Cultural "O GALO". No Círculo Mercantil e Industrial de Santiago.

CONCURSO LITERARIO HOMENAXE A LORENZO VARELA

A Comisión Organizadora do homenaxe a Lorenzo Varela, na vila de Monterroso, entende que o mellor agasalho que se lle pode rendir a un "morto" é espallar a súa obra e a súa vida para iso cavilou nun concurso literario que implicase dalgún xeito tamén á terra dos devanceiros do poeta.

Lourenzo Varela, en vida, mantivo acceso o seu facho de galeguidade e de monterrosino. Aquí e no exilio, del pódese dicir o que di o noso hino: "pois, onde quer, xigante/ a nosa voz pregoa/ a redenzón da boa/nazón de Breogán".

BASES:

- Pode participar calquera aluno de EXB.
- O tema será "Lourenzo Varela" (vida/obra), ou calquera aspecto do "Concello de Monterroso."
- O traballo (en prosa ou verso) non pasará de 6 follas, podendo levar ilustracións.
- Escrito en galego, a poder ser a máquina dobre espácio.
- Virá firmado e co enderezo e teléfono, así como a idade, curso e nome do Colexio.
- Remesaránse a calquera membro do xurado, antes do 15 de Nadal.

PREMIOS:

- 1.— Beca escolar que incluírá: matrícula, libros-texto, material e seguro escolar; e tamén un lote de libros galegos donado por Editorial ALVARRELOS, por valor de 3.000 ptas.

2.— Un lote de libros galegos donado por EDICIONES DO CASTRO por valor de 5.000 ptas.

3.— Un lote de libros galegos donado pola Librería e Editorial FOLLAS NOVAS (Santiago) por valor de 2.500 ptas.

NOTA: Todos eles recibirán o seu DIPLOMA e os pais dos premiados serán agasallados coas obras de Lourenzo Varela.

XURADO: Director do Coléxio Nacional de EXB, de Monterroso. Superior do Coléxio Obreras del Niño Jesús, de Monterroso. Director do Centro de Capacitación Agraria, de Monterroso.

Presidente da Sociedade Recreativo-cultural LICEO, de Monterroso. Sr. Cura de Lodoso y Fufin, parroquias dos pais do poeta.

FALLO DO XURADO: Día 20 do Nadal.

DATA DE ENTREGA DOS PREMIOS: 22 de Nadal, a tarde, no HOMAXE.

DISCOS



DISCO DA SEMANA

HENRY PURCELL.— DIDO & ENEAS.— Janet Baker e Peter Pears. London Opera Chorus. Aldeburgh Festival String. Dtor. Stuart Bedford. Columbia — Decca SET 615. Interpretación.— 9. Grabación.— 8,5.

Xa temos falado outras veces do xenial compositor inglés. Nesta ópera encantadora amosa o seu talento expresivo e o seu dominio musical xunto da súa grande sensibilidade. Janet Baker e Peter Pears cantan formidablemente nesta grabación que segue a partitura editada por Benjamin Britten.

ROBERT SCHUMANN.— CONCERTO PARA PIANO EN LA MENOR. OP. 54 INTRODUCCION E ALLEGRO APASSIONANTO. OP. 92. ALLEGRO DE CONCERTO CON INTRODUCCION EN RE MENOR. OP. 134.— Vladimir Askenazy, piano. Orquesta Sinfónica de Londres. Director.— Uri Segal. Columbia-Decca SXL 6861.

A produción para piano e orquesta de Schumann non está de seguro entre o mellor da súa obra pero resulta difícil resistir aos encantos do seu Op. 54. Neste disco, magnificamente interpretado, xúntense as tres obras escritas para este conxunto.

CORELLI, DORNELL, HANDEL, UCCellini — SONATAS.— Conxunto barroco "Música de Cámara" de Amsterdam. Telefunken-Columbia 6.42229.

Moi fermosa grabación de barroco instrumental que se escoita unha e outra vez con agrado. Recomendábel.

The Young Tradition — The Young Tradition e So cheerfully round. CFE Gimbarda DD-22021. Dous fermosísimos discos dedicados ao canto antifonal anglosaxón cunha interpretación impecábel. Véndense xuntos nunha carpeta ao preço dun só disco.

Richard Dugdale.— England's Green and Pleasant Land. Un novo disco do elegante cantautor inglés. Moi amable e de confección sen chata.

Ludwig Beethoven.—Concerto para violín en Re maior Op. 61. Yehudi



Menuhin (violín). Orquesta New Philharmonia. Dtor.— Klemperer. EMI.—Odeon 063-00307.— Interpretación.— 9. Grabación.— 7. Contemporánea da quinta sinfonía, do cuarto concerto para piano e dos cuartetos "Rachinowsky", o concerto de violín de Beethoven é un dos máis bellos do repertorio e reflexa perfectamente as claves da época-média de Beethoven. Na xuntanza de dous beethovenianos da categoría de Menuhin e Klemperer o resultado foi unha versión inesquecible.

curso de lingua

Cinco

MANUEL CURROS ENRIQUEZ: A CONTRADICION ENTRE A IDEOLOXIA UNIVERSALISTA E A REALIDADE GALEGA (I)

NA CHEGADA A OURENSE DA PRIMEIRA LOCOMOTORA

Velahi ven, velahi ven. avantando cómaros e corgas, e vales, e cerros. ¡Vinde vela, mocións e mozas! ¡Saludaina, rapaces e vellos!

Por onde ela pasa fecunda os terreos, espertan os homes, frolescén os eidos.

Velahi ven, velahi ven tan houpada, tan milagrosiña, con paso tan meigo, que parece unha Nosa Señora, unha Nosa Señora de ferro.

Tras dela non veñen abades nin cregos; mais ven a fartura li a luz i o progreso!

II
Catedral, demagogo de pedra, dun pobo fanático erguida no médiu, repínica esas chocas campanas en sinal de alegría e contento.

Asócia esas voces o son dos pandeiros, ¡as santas surrisas de terras e caos!

E ti, río dos grandes destinos, que os himnos ensaias dos trunfos ibéricos, requeimadas as fauces de seda ven o monstro a beber no teu seo.

Bon samaritano, dálle auga ó sedento; que a máquena é o Cristo dos tempos modernos.

Curros é o terceiro grande escritor da nosa literatura do XIX e, desde logo, unha das voces máis auténticas da poesía cívico-social deste século.

RESPOSTA A CARTA DE MARIO ALONSO NOCEDA (PROBLEMA DE POBO/VILA).

Ainda que, no sucesivo, as respostas da sección acompañarán a carta que as motive, hoxe imos facer unha excepción, para lle dar contestación rápida á documentada carta aparecida no pasado n.º 82 e que agradecemos como mostra de interese e participación nas diversas seccións de A NOSA TERRA.

Moi en resumo: o noso comunicante sostén que, contra o que se defendía na sección de O IDIOMA (v. n.º 41 de decembro do 78), POBO no noso idioma non só ten unha acepción social, isto é, relativa aos habitantes dun país, senón tamén xeográfica, como en español. Nós, apesar de estarmos de acordo con algunhas puntualizacións da tan razonada carta do Sr. Alonso Noceda e de que nunca (nen nesta sección nen na anterior de O IDIOMA) se pretendeu "sentar cátedra" ou facer aseveracións falantes sobre algo tan en proceso como a nosa lingua, seguimos mantendo a conveniencia de distinguirmos ambos os dous conceptos (o sociolóxico e o xeográfico), por crer que, hoxe, se POBO alude á noción xeográfica, é máis que nada por influxo do español. De todos os xeitos, queremos precisar:

1.- En latín, tal como di o comunicante, POPULUS non tiña sentido xeográfico.

2.- De todas as linguas románicas, só en español e en catalán

PUEBLO ten o dobre sentido de "xente" e de "espacio" (entre a aldea e a cidade). Así, o italiano POPOLO, o francés PEUPLE, o portugués POVO (no portugués moderno, é sinónimo de "lugar" ou "cunha clara matiz despectivo, que non ten en español, sendo VILA a palabra máis común para o asentamento de poboación intermedio entre ALDEIA e CIDADE). O mesmo inglés PEOPLE (tomado do francés PEUPLE) ten unicamente o sentido de "conxunto de persoas", non o xeográfico (para o cal teñen VILLAGE, tamén tomado do francés).

3.- No galego medieval, para entidades de poboación, ademais de VILA e CIDADE, rexístenos POBLA, POBRA, POBRADO e PROBADO.

4.- En español, VILLA e CIUDAD, nun principio, foron sinónimos e, posteriormente, VILLA cedeu o terreo semántico ao segundo termo, e practicamente desaparecendo (se exceptuamos algún uso anquilosado: "la villa de Madrid"). Isto non aconteceu no noso idioma, onde VILA seguiu vivo.

5.- Para rematar, non ignoramos que POBO, na acepción xeográfica que o noso comunicante explica ten vida nalgunhas zonas da nosa nación (por exemplo, para as xentes de Saviñao, en Lugo, Escarón e O POBO, o pobo por excelencia), máis tamén é certo que VILA (a pesar da introdución da forma española PUEBLO) é a forma aínda usada con maior frecuencia.

Máis nada, Saudos patrióticos e astra calquera outra carta.

M. PILAR G. NEGRO
XOSE M. DOBARRO

O título co que encabezamos o comentario sobre Curros quer sintetizar o dilema en que se moveu a súa vida e que reflexa a súa obra. Trátase de que os ideais democrático-republicano-burgueses que Curros profesaba pola súa formación política, na liña da xuventude progresista do seu tempo, chocan a cada paso coa realidade galega á que sempre se sentiu vinculado, primeiro sentimentalmente (lembremos o seu primeiro poema na nosa lingua, o tan popular "No xardín unha noite sentada") e máis tarde con maior conciencia dos problemas do país e xa cunha clara simpatía polo movemento rexionalista, polos plantexamentos de Brañas e Murguía.

Eis a contradición de Curros: viveu empapado durante moitos anos da ideoloxía progresista que, en esquema, defendía: unha política liberal, que tería concreción na República; o sistema capitalista como modelo económico, que traxera o progreso e a felicidade para todos os homes, como solución progresista fronte ao oscurantismo e ao reaccionarismo do Antigo Réxime e, finalmente, a defensa do universalismo e da irmandade internacional (irmandade de que o mesmo Curros quedou desencantado, como habemos ver no próximo número). En calquera caso, toda esta carga ideolóxica non supuxo unha venda nos ollos tan forte que lle impedise ver cales eran os problemas da súa terra e de berrar por eles. A cuestión é, en definitiva, que Curros acaba por se decatarse de que a ideoloxía que ten non é válida para transformar satisfactoriamente a realidade concreta do seu país, que el denunciara nos culpábeis inmediatos: cregos, fidalgos, foros, rendas, trabucos, preitos, usuras, fanatismo...

O poema que seleccionamos hoxe cremos que é un bon exponente desta primeira etapa de Curros, cando aínda confiaba na "luz e o progreso" como remedio para os males do país. Fixémonos con que termos é enaltecida a locomotora: "unha Nosa Señora de ferro" ou "o Cristo/dos tempos modernos", isto é, a redención dos homes, nada menos... Reparemos tamén como o noso poeta opón claramente progreso (simbolizado no ferrocarril) fronte ao atraso e a ignorancia que perpetuaba todo o aparato eclesiástico: cregos, abades, etc. (tamén cun símbolo físico: a catedral "demagogo de pedra/dun pobo fanático erguida no médiu"). Velaí o anticlericalismo de Curros, que foi unha das constantes da súa obra.

Vexamos agora algunhas cuestións lingüísticas. Fixémonos en primeiro lugar nos catro sustantivos do segundo verso: "COMAROS", "CORGAS", "VALES" e "CERROS" que, en boa medida sintetizan a xeografía do noso país. "COMARO" neste contexto é dinónimo de OUTEIRO, mais tamén pode ser de ARREDOR, ou terreo a campo que circunda unha terra de labor, e "CORGA" é de CONGOSTRA, CORREDORA ou mesmo CAMIÑO DE CARRO.

"FROLECE", o mesmo que FRORECE, é unha variante de FLORECE. As tres formas aparecen na nosa literatura, téndose tal vez abusado das dúas primeiras por diferencialismo.

"CAMPANA" no noso idioma tamén pode ser SINO e o SINEIRO é a persoa que a fai tocar.

Notemos como "SINAL" e "MONSTRO" aparecen na forma plenamente galega non sucedendo o mesmo con "SURRISAS", que, como "SINAL", debe ser masculino e con "TRUNFOS" que neste caso debería ser TRIUNFOS, reservando a forma que aparece no texto só para os dous xéneros de cartas.

Por último anotamos o vulgarismo "MAQUENA" que é frecuente na nosa lingua como o son tamén NUMARO, POLITECA, MUSECA...

CARTAS

A VOLTAS CO NACIONALISMO

Estimados amigos:

O primeiro de todo é pedir perdón por non contestar antes, pero eu, que ando embarcado, recibo o voso periódico galego de tarde en tarde.

Así que teño que contestar ao número 68 de A NOSA TERRA onde veñen tres cartas para min. Nada menos que tres. Eu non teño inconveniente en reconocer que ao millor na miña carta me pasaba a insultos ou á atacarvos demasiado, e por eso estou disposto a reconecer e pedir perdón á militancia do Bloque, pero moitas das cousas que dixeran sigos pensando, e as cartas que me contestan en A NOSA TERRA non me dan causas para cambiar. O que pasa é que xa sei eu e sabe moita xente que en todos os lados uns mandan e outros están debaixo, e tamén reconozco que no Bloque hai moita xente que é máis galega que calquera, e contra eses eu non fun.

Ao sr. Dario Xohán Cabana téñolle que decir que eu non son antigalego, que si eu puxen Fisterra axunto de Finisterre é por motivo de facilidade ao carteiro, e si de aí deduce que eu son un híbrido ideolóxico, por que usa a palabra chorradas, que sona a estudante madrileño de veraneo por Galicia. Canto a xulgar a UG pola resposta dada ao referéndum español, teño que afirmar que nen se pode afirmar cal é a resposta máis correcta así tan facilmente como fai Dario Cabana; nen o Bloque contestou NON, sinón que o fixo de NO, así, en castelán, anque estou dacordo en que o sí do Partido Galeguista non foi afortunado, pero o Bloque por exemplo no outro referéndum, de cando veu Suárez, o Bloque mandaba a abstención, ¿é? Polo demás, é polo que pensades de miña carta, eu non son de UG (Unidad Gallega, insisto, é como di o pueblito, ben ou mal galego), nin me parece que agora sexa a mellor alternativa, ou a máis democrática. Pero o que quixen dicir na outra carta é insisto é o que había era que ter montado a coordinación dos partidos de ámbito galego ao seu dubido tempo. Si a algún señor do Bloque lle parecía que había partidos equivocados, e eso non o discuto, o que había que facer era procurar coller o control e aproveitar o galeguismo que cada un tivera e conseguir un deputado por Coruña e outro por Pontevedra, en lugar de andarvos laitando como carpíoras e andar agora acusando a todos de alternativa imperialista e de pseudo-nacionalistas, que xa sabemos todos que o primeiro non o son. Pero claro, si o que se quere é destruír as posibilidades de cara ao Parlamento colonialista, imperialista e burgués español, entón si que se explican don Dario Cabana e as vosas crónicas políticas.

Sigo coa carta de D. Dario X. Cabana, a quen teño dereito, creo eu, a responder. El está moi seguro de que os Estatutos son malos, dígan o que digan, polo feito de chamarse estatutos, e as Bases Constitucionais son boas, tamén sen importar o texto. ¿E si eu funde un partido e collo as Bases Constitucionais e lles chamo Estatuto Verdadeiro, que pasa? Por poñerlles estatuto de nome xa cambia o texto e són unha merda, ¿non? Porque xa sabedes que hai algún por Vigo que acusa ás vosas Bases de ser outro estatuto máis, que bastante floxiñas e bastante españolistas si que son, e tamén sabemos todos que a maioría dos que as defenden non as leron, e ademais que en Galicia non hai forza hoxe para chegar a elas. As Bases veñen do Consello de Forzas Políticas, pero deso xa falaremos despois.

Outra cousa cachonda que trae A NOSA TERRA, dun tempo a esta parte, é acusar os tres partidos de UG de pasar o 25 de xullo do 1978 a carón de Rosón, que é mentira, calando intencionadamente o que fixo o PSG e xa digo que eu hoxe non teño nada que ver con UG. Tamén calades raposeiramente a existencia e represión contra o único partido galego independentista, o PGP, e eso non é informar honradamente.

Remato de contestar a Dario Cabana. Si un señor atacou a folga dos tractores eso non autoriza a decir que UG a boicoteou, e repito o dito da miña outra carta. Ademais eu lein o caso dalgún despistado que iba á folga porque creía que era en contra do goberno actual porque el estaba dacordo co franquismo. E si partidos como PSG e vos POG teñen xente en CC.OO. e USO, vos sabedes mellor que ningún que non están na ING porque alí solo entra o que vai obedecer en unmit, ou polo menos

sen discutir o que manden arriba. E si algún de UG puxeu á bandeira galega, que eso está por ver, non por eso temos que xulgar a todos, que tamén no Bloque había algún que escribía poemas de alabanza a Franco e agora é mais nacionalista que a min, ¿verdad? Alegrome de tardar tanto nesta resposta, porque polo menos teño a alegría de ver que o señor D. Dario Cabana escribe agora esas cartas entrebertas que recordan tanto a don Augusto Assía, a quen mencionaba na miña outra carta, pero agora ningunha das tres cartas que me atacan a min ten cuidado de non mencionalo.

Decía que había que falar do Consello de Forzas Políticas Galegas. Para os novos no nacionalismo e para os desinformados (os que se limitan a ler A NOSA TERRA) hai que contar que o consello foi a única coordinación que houbo entre partidos nacionalistas despois de morrer Franco, e incluía a UPG, o PSG e o PGSD. Podía ser a mellor alternativa electoral, pero antes das eleccións a UPG decidiu abandonar o Consello porque estaba o MCG e tiña xente nas CC.OO. (como si non a tivese cando a UPG insistiu en admitilo), e con eso rachou por completo toda oportunidade de coordinación. A única culpa foi dos dirixentes vossos, non por rachar, sinon por admitir ao MC. Xa sabemos que o POG e o PG teñen malas amistades, sobor de todo o primeiro co PC, pero o que hai que facer nestes casos é procurar facelos mais nacionalistas, que todos sabemos que no POG e sobre todo no PSQG hay nacionalistas acérrimos, e non terles medo. Pero coa manobra da UPG cando o do Consello e cando o da fundación da Unidade Galega non sabemos si houbo medo ou si o que hai é algún interesado en desunir o nacionalismo.

E que conste que eu do sr. Dario Cabana non necesito ningún certificado de nacionalista nin de marxista, ¿é?.

Ao señor Xosé Días, de Santiago, moito máis educado e respetuoso que o anterior, dígolle que eu creco que o futuro deste país é, como di el, negro como a noite. Canto os números, pareceme a min que o grado de concencia nacionalista duns señores será moito máis grande si salen a rua ou en tractores ou baixamos a Santiago pra votar, que é máis fácil e máis secreto; así que non me veña falando de caciquismos, a non ser do caciquismo dos periódicos. Encanto á mania persecutoria de que todos están contra o Bloque, a ver, ¿por que en TVE salen resultados electorales do BNPG e entrevistan a señores de CC.LL. e en cambio nunca, nunca faloron da UG ou do PSG pido PGP? Outra vez igual eo outro día coas eleccións de Lugo. Por favor, amigo Xosé Días, onde acabo eu a miña carta con afirmacións tendenciosas ¿alí donde tes ti bon cuidadoño de non poñer o nome de don Augusto Assía? ¿Qu é que na tua carta contestas ti a pregunta final?

Canto ao amigo Arrúa de Porto do Son, creco que eres o único que respostas sin insultar, e vese que eres o único traballador, pero equivocaste, que eu non son acérrimo nin de UG nin de ningún, como xa deixo dito. E sobor de todo ou eu non me expliquei ben ou ti non me entendiches, porque eu non son amigo de La Voz de Galicia, senón todo o contrario, e eso quedaba ben claríño na miña carta.

E pra rematar teño que deciros que a min a autonomía tampouco me gusta, pero eso si, non vexo outra maneira de copar os postos políticos, así que os partidos que intentan que esa autonomía sexa o menos mala posible non me parecen tan errados, porque o que o Bloque propón é cambio non parece que teña posibilidades. E xa vexo que o Bloque xa díxo que ten pensado presentarse ás eleccións de Galicia en canto veña a autonomía, pra quitarlles lugares aos españolistas. Eso non me parece mal, pero entón porque criticades aos partidos galegos que meten man na autonomía pra quitarlles lugares aos españolistas tamén ¿é?.

Perdón por esta carta tan longa. E que conste que estiven co Bloque o derradeiro 25 de xullo e que non había tanta xente como decídes e nin moito menos a xente que fai falta a Galicia.

E saudos nacionalistas como os vosos.

MANOEL INSUA
G. INSUA
MALLAS-FISTERRA.

ANUNCIOS DE BALDE

Búscanse números sueltos ou mellor colección completa da revista a ciclostil "El milenario extravagante", editada por Gonzalo Arias en París nos anos 60, referida á penetración das vías romanas na Gallaecia, con seguimento desde vistas aéreas. Dirixirse a Apartado 12, Pontevedra. Ref. "El milenario extravagante".

Agradeceríase remesa de breñas en "trampitán", última universal, do estrambótico poeta amnésico J. J.

de la Cova, datos biográficos, da súa produción literaria, periódico editado para si propio, etc. Dirixirse a Apartado 12, Pontevedra. Ref. J. de la Cova.

Se alguén ten algun exemplar do libro galego, escrito con criterios fonéticos, "O Libro da Konsagración" da autoría de Aurelio Ribalta, agradecemos se poña en contacto con Apartado 12, Pontevedra. Ref. "O Libro da Konsagración".

A NOSA TERRA



OLA OU PUCHEIRO.
BUÑO (A CRUÑA)

Para a cocer a coñar. Faciase en varias grandores, de máis ó menos papeiro, mono, xinete, raialete, cuartillero, cunca, miudanza e cuarterón. A "Ola", que nesta comarca leva 16 litros, corresponde ao pucheiro de mono.



XARRO
GUNDIVOS
(LUGO)

Pró viño. Os grandes, de 20 á 30 litros, empregados polos taberneiros. E os máis pequenos, de 1 a 2 litros, facíanse pras casas. Co ouxeto de mellor verter o viño, levan unha biqueira con unha ponte ou binco.

ARREDOR DA CERAMICA POPULAR

ELOI LOZANO COELLO

A CERAMICA

A invención da arte (habilidade, ciencia, oficio) da cerámica é unha das máis importantes da humanidade. Corresponde ao período neolítico. Aparece no Próximo Oriente nos séculos en que o home ergue xa os primeiros centros de poboación con aspecto urbano, e os datos que hoxe posuímos deixan situar este descubrimento máis aló do ano 6.400 a. C. Esta data varia duns autores a outros, pero o certo é que o período neolítico serve sempre de referencia. Nace ao par da agricultura como un traballo sistemático, cuas fias totalmente utilitáreo ("obxectos para"). "... A cerámica na súa relación fraternal co misterio da vida e da morte, do amor, do nacemento dos primeiros pensamentos cos que home explica a súa propia existencia o mundo físico, a natureza das cousas, o medo, o facer cotidiano da vida..." (J. de Castro Arines). "... Aos ollos do home primitivo —di Gordon Childe— esta conversión do material debeu parecer unha especie de transubstanciación máxica —a transformación do barro e da terra en pedra—. Debeu provocar algúns problemas filosóficos, como a significación de substancia e identidade". Pensemos nos presocráticos gregos. Para tales (625 a. C.) o principio (arjé) da natureza (physis) é a auga. Para Anaximenes (583 a. C.) era o ar. Heráclito (540 a. C.) pensa no fogo e descobre o seu principio practicando o xogo do diálogo. Case un século despois o pluralista Empédocles busca catro principios para o ser das cousas: Ar, Fogo, Terra, Auga. Platón pon da boca de Timeo: "... por eso Deus colocou o ar e a auga en medio, entre o fogo e a terra, e dispuxo estes elementos uns por relación aos outros, conforme era posíbel dentro dunha mesma relación, de tal maneira que o que o fogo e ao ar, fose o ar á auga, e o que o ar e á auga, fose o ar á terra. Deste modo uniu e modelou un ceo visíbel e tanxíbel á vez. Por tal procedemento, e coa axuda destes corpos que definimos no número de catro, foi producido o Corpo do Mundo, armonizado por unha proporción". Esa proporción tan manifesta no corpo do cacharro que o artesano confecciona; eses obxectos para utilizar, resultado da mistura dos catro elementos, máis a tarefa artística, técnica do artesao adquirida lenta e xeracionalmente no miolo dunha comunidade que producía para si mesma é o que caracterizou de sempre a cerámica popular.

O POPULAR

Concepto moi desgastado polo seu uso. As veces o popular ven aparelado socio-políticamente cunha capas determinadas da sociedade. O "popular" asociase así ao "rural", as clases (en xeral) non detentadores do poder. Supón unha denotación de infracultura, subcultura, paracultura, e ás veces o "popular" entra no xogo do intercambio de valores culturais.

Antropolóxicamente, o termo ven avalado como unha forte de coñecimento sinxelo e fundamental. A tradición é a fonte, e a transmisión dela faise polo relevo xeracional, ademais de polo subconsciente colectivo. A dicotomía arte popular-arte culta entre en xogo dialéctico: á primeira resérvase o rango de arte intuitiva, e á segunda atribúense todas aquelas outras actividades artísticas arredor do concepto romántico de "artista", cuxo nivel de realización connota certo status cultural superior. Como proba, esa división discriminatória do século pasado: artesa-artista.

Marx formulou xa o pensamento de que os valores espirituais son armas políticas, e Arnold Hauser dinos na súa introdución á *História da Arte*: "tanto a relixión como a filosofía, a ciencia e a arte teñen unha función na loita pola existencia da sociedade. A arte, para deternos nela, é nun principio un instrumento da máxica, un medio para asegurar a subsistencia das primitivas hordas de cazadores. Máis adiante convírtese nun instrumento do culto animista, destinado a influir nos bos e nos malos espíritos, en interés da comunidade. Lentamente vaíse transformando nun medio de glorificación dos deuses omnipotentes e dos seus representantes na terra: en imaxes de deuses e reis, en hinos e panexíricos. Finalmente, e como propaganda máis ou menos descuberta, pense ao servíciu dos intereses dunha liga, dunha "camarilla", dun partido político, dunha determinada clase social. So aquí e alá, en épocas de relativa seguridade ou de alienación do artista, a arte retírase do mundo e preséntase como se existise só por si mesma e por razón da beleza, independente de toda clase de fins prácticos. Mias, aínda así, a arte comprende importantes funcións sociais ao ser expresión do

poder e do ócio ostentativo. Máis aínda: a arte fomenta os intereses dun estrato social pola mera representación e o recoñecemento tácito dos seus criterios de valor morais e estéticos. O artista, que é mantido por ese estrato social e que pende del con todas as súas esperanzas e perspectivas, covírtese automática e inconscientemente en portavoz dos seus mecenas e patróns".

Xeralmente noméase arte popular a aquelas actividades que responden a estes criterios: 1) confecciónase baixo unha técnica herdada xeracionalmente; 2) o seu carácter de anonimato; 3) expresa dalgunha maneira as experiencias dunha comunidade feita ao longo de anos e séculos; 4) a arte popular non sabe que é arte ("a arte popular, cando sabe que é arte popular, deixa de selo"). De qué xeito a cerámica ten estas características? Ou, mellor, toda cerámica é arte popular? A estas catro notas distintivas eu adorsaría outra que dalgunha maneira completa a cuarta: a arte popular non existe como tal. O concepto "arte popular" sería sinónimo de "mera actividade popular". Algo así apunta Bigna Kuoni: o que podería parecer arte popular hoxe serían os yagons do metro de Nova York pintados por mozos carentes de cultura (ou determinado tipo de culturas oficiais e oficializantes) pero cunha necesidade de manifestarse, de protesta social.

Todo isto condúcenos ao cerne do problema: o vello tema do arte. Cabería unha cuestionación do termo "arte"? Poderíamos falar desa actividade popular como unha actividade enfrentada tácitamente á arte chamada culta, esa arte oficializada, institucionalizada polo "pracer" das clases dominantes? Creo que esta é a clave do tema: esa suxerencia do popular como arma de choque, como resistencia calada e invencíbel fronte ao orden.

Brech decía que as ideas reinantes son as ideas dos que reinan. Así que, os usos do Estado levan consigo precedimentos coercitivos e de organización que se opoñen aos procedimentos do grupo primario, voluntarios e irregulares. Esta oposición pódese ver manifesta nos criterios valorativos: arte popular-arte culta (civilización). Estas dicotomías terminolóxicas non fan máis que mostrar unhas relacións de poder subxacentes e inherentes ao feito mesmo da arte.